Nº 1160

COSTUMES D'A TERRIÑA

POR

FRANCISCO POTEL PARDAL,

ALUMNO DE DERECHO CANÓNICO EN LA UNIVERSIDAD PONTIFICIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO, 1911

ACADEMIA GALEGA CORUÑA
259
a

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
2569
Biblioteca

COSTUMES D'A TERRIÑA

COSTUMES D'A TERRIÑA

POR : : : : : : : : : : : :

FRANCISCO POTEL PARDAL,

ALUMNO DE DERECHO CANÓNICO EN LA UNIVERSIDAD PONTIFICIA DE SANTIAGO DE : : : : : : : COMPOSTELA

: : : PRÓLOGO DE : : :

D. Emilio A. Villelga Rodríguez

(Con licencia eclesiástica)

SANTIAGO, 1911

Propiedad.

Santiago: Imp. y Enc. del Seminario C. Central.

PRESENTACIÓN

Mi cariñoso discípulo, el joven escritor y virtuoso eclesiástico, que pronto alcanzará la noble y altísima dignidad del sacerdocio, D. Francisco Potel Pardal, acaba de honrarme, pidiéndome un Prólogo para su libro COSTUMES D'A TERRIÑA, que como su título reza, está escrito en la dulce lengua gallega, y trata de cosas de nuestro hermoso suelo, de esta Galicia, hoy conocida mejor, y admirada por quienes la visitan, país sin rival en Europa; y esto sabémoslo bien, quienes hemos corrido por esos mundos y penetrado en la hermosa tierra de los lagos y de las nevadas cumbres del Mont-Blanc.

Tiene la Montaña Santanderina su can-

tor y su poema en el gran Pereda, hoy desaparecido, y en su libro delicioso, *El Sabor de la Tierruca;* tiene también la tierra Asturiana aquel delicado libro *La Aldea Perdida,* de Palacio Valdés; las quebradas tierras vascongadas tienen verdadero poema en el vigoroso libro, *Por Tierras Altas,* de Joaquín Argamasilla, y hasta la estepa Castellana vióse cantada por el dulcísimo poeta Gabriel y Galán; aquí, en nuestra dulce Galicia, algo se hizo; algunas novelas de la Condesa de Pardo Bazán, algunos libros del gran artífice y delicado artista, Ramón del Valle Inclán, y, en versos gallegos, los libros incomparables de la inmortal Rosalía Castro; pero la epopeya sintética, un libro que lo abarque todo, en conjunto harmonioso, el noble retrato de la Tierra de las Rías, de las montañas grandiosas, de los deliciosos valles, de las poéticas riberas, ese libro no lo

veo; mas, ya que así suceda, bien está que la generación joven, estudiosa, amante de esta noble Tierra, ensaye sus fuerzas y se adiestre en esa labor delicada del Arte Literario, y nos dé libros de grata lectura, de marcado sabor regional, escritos con entusiasmo, trabajados sobre el terreno, libros vivos, en donde suene la dulcísima lengua gallega y se retraten sus costumbres y aparezcan con verdadero carácter los personajes y se describan la vida, los sentimientos, la fisonomía de las cosas y de los hombres. Tal sucede en el simpático libro del joven escritor gallego, y de quien mucho cabe esperar.

EMILIO A. VILLELGA RODRÍGUEZ.

Compostela, Julio de 1911.

ANI-NOVO

I

AMAÑECEU ô fin con boa cara, despois de moito vento e moita chuvia, o día trint'e un de Decembre.

Comenzaban à correr d'o norte pr'ô sul as nubes negras e cada ves mais despexado aparescía o ceo.

Eran xa as dez dadas cando descubreu o sol. Os rapaces, que n'os once días pasados non poideran sair d'a casa por mor d'a chuvia, sailiron estonces par'as eiras e camiños pra enredar e brincar e saudar o sol, que tantos días había que n-o viran. N'a cara de todos conocíase o contentos qu'estaban y-as

persoas xa de peso levantaban as mans e daban gracias à Dios po-l-o ben que lles fixera calmando a tempestade. Os de Padrón, que en dous días e medio non poideran sair d'as casas sinon en lanchas, que tiñan moitos d'eles a agoa n'as mesmas casas.... ¡non digo nada!

Estivo boa tarde e quedou unha noite serea e de moita calma, unha noite que tantos días había que se non vira coma ela: víase sin nube algunha o ceo azul, víanse as estreliñas todas pendentes d'él, alá n'o medio o *carriño* e non moi lonxe as *tres marías;* a lua, qu'estaba n'o carto crecente, alumeando cáseque tan ben coma si fora día, esparexía sobr'a terra seus prateados rayos.

Viña Alberte de facerll-unha visita ô siñor d'a Bouza, que chegara d'a cibdá de Santiago aquela tarde e, despois de subir o monte d'o Outeiriño, ô chegar â casa vella ouieu

falar xente e dixo pra sí: ¿quén estará á estas horas por aquí? ¡vaya que che teñen bo gusto estar agora ô frío!

Moi preto d'a casa vella hai outra nin moi nova nin tan vella, unha casa nova e vella, porque mitá é nova y-a outra mitá, anque vella, remendada. É bastante grande, ten moita viña ô redor e toda con esteos de pedra, vigas de castaño e alambrada. O curral é de bastante espaciosidá; pois colle dentro a bodega, un palomar, unha conexeira, dous departamentos y-un gran alpendre onde descornellan as fabas, esfollan o millo cando po-l-a sementeira chove e meten palla n'o inverno. Esta casa qu'enriba d'o portal ten un cruceiro, è d'un home moi honrado e traballador; d'un home que, anque pasa d'os ochenta, ten ainda a dentamia enteira y-o cabelo tamén todo, anque branco; d'un home ancho e forte, d'eses qu'arremeten â morte,

d'eses que se non coidan mais que d'a sua vida, qu'abondo lle da que facer.

Esta é a casa d'o siñor Xorxe, quen po-l-o d'hoxe está ainda bastante forte; pois non se queixa mais que d'as rens, qu'o fan andar algo abaixado.

Sigueu andando Alberte pouco e pouco n'as puntas d'os pes escoitando onde falaban e, ô chegar ô portal d'o siñor Xorxe, veu que os qu'estaban de moita parola eran Xan, xenro d'este, e mais Benito. Pasou Alberte sin decir nada y-os outros torceron a cabeza pra mirar quen pasaba, pero seguiron parolando e mirand'os fogos de luces, que botaban en Cordeiro, ond-estaban de festa, hastra que ouindo Xan que cantaban en Sabanda, dixo: ¡vaya! vámonos, compadre; ahí andan os cantadores e, si nos encontran aquí, son capaces de cantar pra que lles demos o aguinaldo. A xente moza é o deño.

—Como vusté queira; mais non s-astreverían à tanto e, anqu'así fora, ¿qué mais nos daba darllo aquí que n'a casa?

—Home, n-é o mesmo, porque a familia tamén quer ouir e, à dar os cartos, siquera qu'ouiamos todos. A verdá non teño un carto n'o peto, eh?

—Eso tampouco eu. Anque m-estruxasen...

—Logo imos ou quedamos?

—Marcharemos; pois sinto xa algún frío demais n'as costas.

—Créollo ben; queda xiando.

—Boeno; hastra mañán, si Dios quer.

—Adiós, compadre, hastra mañán qu'é día señalado.

—Si. ¡Quén sabe quén acabará outro ano!

—¡Ou quén-o empezará!

—É verdá. Adiós.

—Adiós logo.

* * *

Tan presto petou Xan â porta, brincou d'a lareira o seu fillo mais novo, foill-abrir n'unha selasión e, despois de cerra-l-a porta, díxolle con moito cariño: ¡ai! canto tardou! ¡Onde vai qu'o estamos esperando pra cear! ¡Non ve cántas cazolas ô lume? Mire: n'esta hai pescada con patacas. Si fora con chícharos e patacas novas, eh?

—A seu tempo, rapás.

N'aquela, continuou o rapás, hai guisado, n'a outra d'o lado castañas, n'a pequeniña... n'a pequeniña sí que non sei qué hai e n'a lacena d'a artesa unha cousa que... chúpans-os dedos.

—Logo terei qu'ir sacar viño.

—Bo; non vaya, porque n'aquela chocolateira hai leite á quentar pra mín e repartimos.

—E logo os demais?

—Que beban agoa.

—Agora n'este tempo cria rans. Vou quitar viño.

—Vou eu con vusté?

—Ven.

Foron correndo cata-l-o viño; pero mais lixeira andivera Rosa, quen, cand'eles viñeron tiña xa a mesa posta. Puxérons'á cear e despois qu'acabaron, puxérons'á contos; mais calaron logo ô sentir ladrar o can. Ladraba, porque n'a eira de seu dono entraba xente d'afora. Eran os cantadores, quenes, pondos-en rolda diante d'a porta, cantaron moitos versos, d'os quaes lembro tan soilo estes, os primeiros:

Ani-novo con ben veñas.
Os añiños c'as ovellas
Como brincan e rebrincan
Por riba d'aquelas tellas.

Tan presto calaron, reparteu Xan viño á todo-l-os cantadores e, cand'esto estaba fa-

cendo, ahí chega José Manoel —ansí lle chamaban ô fillo mais novo— á xunta él e dille baixiño sin que naide ouvise: son mais á beber d'os que eran á cantar; mais Xan sigueu repartindo viño sin facer caso. Así qu' acabou, doull'o aguinaldo, os cantadores botaron un ¡Viva Xorxe d'o Pereiro y-a familia! e marcharon.

Tiña razon José Manoel. C'os cantadores andaban algúns larpeiros, que se xuntaran á eles por tomar uns vasos de viño, unhas copas d'agoardiente ou d'o que lles desen. Eran d'eses homes mariqueiros, qu'ademais de ser uns gorxóns, son tamén moi cursidosos e non pr'à roupa.

Preto d'a casa d'o siñor Xorxe hai outra cativa, que é donde vive unha velliña qu'está soila, unha velliña, á quen chaman siña Delores a *reina,* que vive a probe... ¡sabe Dios como! A porta d'esta casa non pararon os

cantadores, non; soilo pararon dous d'os cursidosos, quenes axixaron po-l-o burato d'a porta e viron-a de rodillas ô pe d'a lareira c'o rosario n'a man e c'a cabeza baixa: estaba rezando e chorando ô mesmo tempo po-l-o seu filliño qu'había xa tempo que morrera.

Cand'esto estaban mirando sentiron pasos e agacháronse pra que non-os viran. Eran duas rapazas, qu'ô chegar â porta d'a siña Delores petaron e déronlle un plato con *algo* pra que cease. A probe muller, que non tiña pra cear a noite d'ani-novo mais que caldo —quen sabe s'hastra sin unto— desfacíase á darll'as gracias, e toda agradecida decía: Dios vo-l-o pague, miñas filliñas. Vaya po-l-a y-alma de quen tedes alá.

—Amén, siña Delores. Hastra mañán si Dio-l-o quer.

—Adiós, miñas filliñas. Dio-l-o pague.

—Amén.

A MORTE D'O PORCO

II

TRISTE recordo me ven â mamoria ô querer facer a discrición d' a morte d'o porco. O lembrarme d'o coidado que teñen os nosos paisanos d'escoller un bo día pra mata-l-o, lémbrome tamén de como vive a xeneralidá d'os que por moranza teñen á nosa Galicia. O que ten compango pra todo-l-os días xa é un labrador bastante bo e con todo ben probe é; porque ¿qué pode ser o compango? Uns hoviños, un pouco leite, queixo, unhas pataquiñas, uns greliños con sardiñas saladas ou badexo e case case acabamos de contar. Pero ¿y-o que non ten vaca? pois nin ten leite nin queixo. ¿Y-os que

teñen que vende-l-os hovos pra mercar aceite, xabrón, ou outra cousa, qué lles queda? ¡Coitadiños! si non matan porquiño, terán que comer caldo ô almorzo, caldo ô xantar e â cea e nomais que caldo sempre. Ainda matando porco teñen que pasar moitos días sin compango, maormente s'o porco é pequeno; porque ¿á cómo tocará un porquiño repartido antre trescentos sesentecinco días? ¡Cóbresem'a y-alma de pena pensando estas cousas!

Por eso n'é estrano qu'os nosos paisanos teñan moito tino ô escoller o día pra matar o porco. S-hai brétema, non-o matan; s-o día está quente, tampouco; s-hai arcos d'a vella, tampouco; s-o aire está d'o nacente, tampouco; si po-l-a miñán cheira ô aceite, tampouco. Ten qu'estar ô día frío e craro. Que xíe ben de noite e qu'o día esté ben despexado é o que queren.

Amañece o día dezaseis d'o mes de Xaneiro. Asómas'o sol po-l-o nacente pôndo medo â xiada que de noite caíra. Érguese d'a cama o xenro de Xorxe, vaille botar un fachuco de palla ô gando e despois sai â eira y-ô ver qu'o sol nace tan garboso e qu'o día está despexado, ocúrresell'a idea de matar o porco; pois estaba xa moi gordo e, como decía Xorxe, *non se facía mais*. Conséllase c'o sogro e c'a muller e acordaron todos mata-l-o. Érguense axiña os rapaces ô saber de que trataban. Preséntase n'o cuarto grande Bautista inda a medio vestir e sin lavar.

Lávate presto, dille seu pai, e vai á casa d'o siñor Benito á ver si Serafín nos ven matar o porco.

Lavous'o rapás á presa e saleu correndo á cata-l-o matador. Non tardou en vir de volta; con él viña Serafín traguendo n'a man un coitelo grande.

D'alí á pouco tempo estaban n'a eira de Xorxe homes bastantes par'agarrar d'o que iñan á matar. Foron todos pr'ô curral, puxeron o tallo diante d'a porta d'o cortello, abriron-a e, ô querer o porco sair, botáronll'a man uns âs orellas, outros á donde poideron e deitáron-o n'o tallo. Despois qu'o animal estaba deitado, puxeron unha bañeira debaixo pra recolle-l-o sangue... e coitelo á dentro.

Escomenzou o porco a sangrar, o sangue a cair, Concha a remexe-l-o e d'alí a pouco morrera xa. Pideu Serafín unha agulla con fío torcido, déronlla e coseu o burato do coitelo. Pideu unha cebola, déronlla e meteulla ô morto n'a boca. Logo colléron-o n'o tallo e leváron-o en peneirón par' a eira; alí estenderon palla e puxéron-o enriba d'ela pra chamusca-l-o.

Cando acabés, víndevos, díxoll'a filla de Xorxe ôs qu' estaban chamuscando.

Seguiron eles chamuscando apurándose o mais que podían; pero ainda tardaron en acabar, porque leva moitas voltas e revira-voltas. Po-l-o lombo e po-l-os lados ainda a cousa vai ben; mais ô chegar âs patas hai moito enredo, porque, como o porco está deitado, hai que levantarllas pra poderllas chamuscar po-l-o lado d'a dentro e, como se non poden levantar c'as mans, porque s-es-caldan, hai que facer uns forcadiños pra que as sosteñan levantadas. N'as patas é onde hai que chamuscar mais; unha, porque teñen moitas xuntas y-están contra xeito e outra, porque hai que quentar moito as uñas pra que sallan. Tamén, despois que s-arrincan as uñas, diquiapouco xa s-acabou. As uñas, despois d'arrincadas, guíndan-as n'o cortello pra qu'os quiños pequenos sailan bos. Non sei a que ven esto ô caso; pois eu, por mais que mirei, en xamais vin qu'os pequenos co-

mesen as uñas d'os que matan; por eso teño pra min que non-as comen. Faranse bos c'o cheiro d'as uñas? Eu n-o sei, fará falla perguntarllo á eles.

Acabaron de chamuscar e foron pr'á cuciña á tomar un repariño; pois era xa medio día.

En calquer sitio qu'haxa porco morto, alí hai rapaces á moreas, sendo mais d'unha ves a morte d'o porco a causa de que os rapaces fanen a escola.

N'a eira d'o siñor Xorxe hai tamen moitos rapaces e, despois qu'os homes foron pr'â cuciña, comenzaron á falar baixiño antre sí tratando este asunto pra eles de gran valer: ¿quén ha de leva-l-a punta d'o rabo pra come-l-a asada? Primeiramente falaban baixiño, pero, como todos a querían, logo comenzaron á berrar e ô últemo acabaron por andar á sopramocos.

Os berros e choros qu'había n'a eira acu-

deu Rosa, a filla d'o siñor Xorxe e, ô perguntarll'ôs rapaces por qué pegaban, todos contestaban dicindo: porque este lle quería cortar a punta d'o rabo ô porco; mais resultaba que nin quedaba un que non lle botase as culpas á outro, nin un que non levase as culpas. Non sei como Rosa mirou pr'ô rabo d'o porco e veu que xa lle cortaran a punta. Estonces, indinada, perguntou quen fora e ningún o sabía; miraban uns par'os outros e non s-espricaban o feito hastra que se percataron de que po-l-a corredoira iba un correndo, levando n'a man a punta d'o rabo.

Volveron pr'â eira Serafín, Xorxe e mai-l-o xenro dispostos para abri-l-o porco. Puxéron-o pra eso deitado n'o tallo c'as patas pra riba. Comenzou Serafín á abri-l-o ô medio e sacoulle con todo coidado as tripas. Puxeron-as n'un cesto e con elas marcharon pr'ô río Rosa e mais duas fillas.

Mentras tanto os homes seguiron librando o porco e lavand'o ben e, despois de todo esto, ataronll'as patas d'a diante c'un adival, pasaronllo po-l-o fociño e, pasand'o despois por unha viga, colgaron o porco n'a bodega deixand'o ansí hastr'o outro día.

O dezasete era moi cedo ainda e xa os netos de Xorxe andaban po-l-a eira comendo codias de pantrigo; pois o miolo gardar'o sua nai pra facer as morcillas. Quedaron n'a casa a filla de Xorxe e mais unha neta, facendo as labores d'a casa y-os outros todos marcharon á traballar.

Eran as duas d'a tarde e tiñan as labores todas feitas, cando se xuntaron outra ves n'a casa pra xantar. Acabaron de xantar y-estonces Xorxe mandou ôs netos á darll'á saber ôs seus parentes qu'aquel día facían o mondongo e que po-l-o tanto fosen á él. As netas ô redor de sua nai puxerons'a dispoñer todo

par'o mondongo: unha colleu unha mazaroca e púxos'á facer liñas par'ata-l-as morcillas; a maor, Anxeliña, púxos'á facer o almoado par'as filloas y-as outras duas c'a nai o almoado pr'as morcillas.

Son as seis. É noite cerrada y-está chegando xente á cada paso â casa de Xorxe. Está colgada n'a garmalleira unha gran caldeira chea de agoa, que ten dentro as morcillas. O redor d'a caldeira están unha ola, en que fan o guiso, e mais duas tixolas, n'as que fan filloas.

Son as oito. A cuciña é ben grande; mais a xente non cabe n'ela y-acordaron os homes ir par'o sobrado e con eles as mulleres e rapaces, que non facían falla n'a cuciña. Foron; os homes puxerons'á xogar, mais logo se cansaron y-estonces puxeronse todos, homes e mulleres, á escoita-l-os contos que sabía Primo. Os contos eran bonitos, é certo; pero

o que mais gustaba era a maneira que tiña Primo d'espricarse. Como cáseque todos falaban con él á miudo non se percataban nin ll'atopaban mérito; mais Rosiña d'a siña Felisa, que tan soilo algunha que outra ves o vira, adimirouse.

Iban á dar as dez cando a neta de Xorxe, Anxeliña, subeu ô sobrado á poñe-l-a mesa. Alí houbo guiso, raxo, morcillas, filloas e xerros de viño sin conto e despois de cear puxérons'á falar os mais vellos.

Algo falta aquí, dixo Xorxe.

—¿E qué? preguntaron todos.

—Paresce mentira que non-o botedes de menos. Falta o estudiante. Sempre esperabamos á que chegase él pra mata-l-o porco; pero este ano non-o deixaron vir â casa.

Con estas e outras cousas, parola que te parola, pasaba o tempo sin sentir.

Cando se levantaron pra marchar iban á

dar as doce d'a noite. Despedironse desexandolles uns ôs outros moi felices noites; mais, antes de marchar, pasaban todos po-l-a cuciña á ver o Pedro-Peres, qu'abofé era moi grande.

Ve-l-eiquí a morte d'o porco e a noite d'o mondongo.

O día siguente as netas de Xorxe levaban, como é costume, âs casas d'os parentes e amigos unha ou duas morcillas e unhas cantas filloas.

O ENTROIDO

III

VE-L-EIQUÍ a costume que vou describir: o entroido, o pillabán d'o entroido. Sí, é un pillabán. Coidaredes que non; pero él, ansí como quen non quer a cousa, fai andar a xente d'aquí pr'alí.

Quince días antes d'o entroido teñen os muiñeiros cheos de saquetas e foles pequenos os muiños hastr'á porta; mais as saquetiñas e foles non están, como de cote, cheos de millo ou centeo, sinon de trigo. A toda-l-as horas chegan cabo d'o muiñeiro rapaces e rapazas que lle din: «siñor Vicente: dixo ña nai si ten a fariña munda». Chegan tamén

mulleres á catar a fariña, encabúxanse e berran c'o muiñeiro por lla non ter munda e chámanlle... ¿qué sei eu? ¡Hastra lle din que saca duas veces a maquía! De maneira que chamarlle ladrón mais craro non pode ser.

As mulleres van levando cachopas par'o pe d'o lume pr'a que se sequen, pois facer filloas con leña verde non lles aprace moito, non por nada sinon po-l-o fume.

N'aqueles días nin se vende nin se bota un hovo n'a tixola por garda-l-o pr'ô almoado.

Os rapaces andan roubando naranxas bravas pra despois parti-l-as ô medio, botarlle aceite, gas e parromo e logo o domingo d'entroido botar parromazos âs rapazas e vellas solteironas qu'ainda pensan en casar. Os que van á escola d'o Carballiño non saien de xunt'o carpinteiro pra que lles faga unha carabina y-unha espada pra ir á corrida d'o galo.

D'algúns anos á esta parte non houbo a

tal corrida; mais antes habí'a sempre n'unha aldea que chaman o Carballiño, aldea d'a freguesía de Xanza, axuntamento de Valga, duas legoas distante de Caldas de Reis, n'a provincia de Pontevedra.

Era a corrida d'o galo un adevertimento moi grande que tiñamos os rapaces d'a escola d'o Carballiño, adiversión que s-a tiveran os rapaces d'agora non farían certas cousas que...; pero agora como imos adiantando (par'atrás), esas cousas...

Sempre, cando se vai achegando o entroido, me lembro d'a tal adiversión. ¡Qu'alegría! ¡Qué cobiza nos tiñan os rapaces d'as outras escolas! Duas semanas antes d'o entroido xa todos estabamos moi contentos, non porque n'estes días habíamos de comer cacheira e orella e filloas e uñas, sinon porque nos habíamos d'adivertir moito c'a corrida d'o galo e había de darnos o mayestro figos

pasos e mais dulce n'unha copa pequeniña.

Era o mayestro (Dio-l-o teña ben) moi bo siñor, ensiñaba moi ben y-era tamén moi adivertido. Quince días antes d'o entroido mercaba un galo e metí'o dentro d'unha xaula feita adrede, n'unha xaula grande que levaban catro rapaces en peneirón, ô lombo, como quen leva un santo n'a procesión, e c'o galo dentro d'a xaula ibamos pedir pra face-l-a corrida, collendo cartos e hovos e tod'o que nos desen. Cando ibamos pedir rompía marcha o rapás mais grande d'a escola tocando un tamboril, despois o mayestro, despois o que levaba o cesto pra trague-l-os hovos, despois os catro que levaban a xaula e por detrás os outros todos.

Sempre m'acordo d'un día que ibamos en direución á unha aldea qu'estaba bastante lonxe pra pedir alí pr'á corrida. Despois d' ensayar n'a escola os versos qu'habíamos de

cantar, sailimos e, ô pasar po-l-a Gandra de Cordeiro, atopamos un home qu'andaba ô toxo; púxose o mayestro a falar con él e namentras nos (os rapaces son o diaño) puxémonos enredando c'o galo; pero non sei si por un descoido, si como foi, escapounos o galo. Craro está, non tuvemos labor de mais presa que botarnos á correr pra colle-l-o; mais ¡qué risa nos dou! tamén o qu'andaba ô toxo botou á escapar, sin saber por qué nos corríamos, coidando... ¡ja! ¡ja! ¡ja! po-l-o visto un chistoso dixéralle que n'o bosque de Camba andaba unha orsa c'unha cadea á rasto e coidou que chegara por alí e que por eso nos escapábamos.

Collémo-l-o galo, metémo-l-o n'a xaula e seguimos camiño adiante car'á aldea á que queríamos ir.

Ir fomos e anduvemos portas e portas, casas e casas; mais volver pr'á nosa ¡quén

poidera! chovía que metía medo. Pasaba d'as duas d'a tarde e nos sin xantar; uns e outros sentíamos q'os ratos nos andaban n'o armario; pero...

Por fin, alá cando xa iba á ser noite, arrayou y-entonces fomos pedir á unhas cantas casas que nos faltaban. En todas nos poñíamos diante d'a porta formando corro e cantando os versos qu'o mayestro nos ensiñara e qu'él mesmo fixera, que por certo acaían ben. Cando acabábamos de cantar xa o dono ou dona d'a casa viña con algo n'a man pra darnos. Si traía cartos, gardav'os o mayestro e, si traía hovos ou outra cousa, metíanse n'un garabelo, que levábamos pra eso. Así que n'había mais casas á que ir n'aquela aldea, volvemos pr'ás nosas correndo, medio mollados e cheos de fame.

Así pedíamos pr'á corrida d'o galo uns quince días e xuntábamos cartos bastantes

pra traguer fogos, múseca e hastra pradicador par'o día d'a corrida, qu'había de ser o luns d'entroido.

* * *

Como o tempo se non para con ninguén, pasan axiña oito, dez, quince días; así é que, cando menos un o pensa, amañece o domingo d'entroido.

¡Qu'alegría! ¡canta bulla! ¡qué cedo fumegan hoxe as casas! ¡cómo a xente madruga! ¡como s'alistan todos pra marchar pr'á misa! Pero pensás vos que moitos chegan á ela? ¡qu'han de chegar! Algúns, antes d'ir pr'á misa, poñen a tixola ô lume, fan unha gran tortilla con dous chourizos e catro hovos e, despois d'henche-l-a andorga e limpar a gorxa c'un par de netos, van camiño d'a ilesia pouco e pouco e, cando alá chegan, xa o Abade está pradicando.

Despois qu'a misa s'acaba, está a xente

espallada po-l-o adro esperando qu'o sancristán salla. Sai este c'unha cesta n'a cabeza, un garabelo n'o brazo e n'a outra man unha cacheira. Por detrás d'él van tres rapaces: dous levan uñas e cacheiras y-o outro un barril de viño n'a cabeza. Súbese o sancristán ô petril d'o adro, saca d'a cesta unha cacheira, levant'a ben arriba pra que todo-l-a vexan e dí: sinco reás á la unaa... sinco reás á las doos...

Cinco e patacón; dí unha muller.

Sinco reás y patacón á la una..., sigue o sancristán, sinco reás y...

Seis; interrúmpell'outra muller.

Seis reás á la unaa... seis reás á las... ¿non hai quen dea mais de seis reás? Seis reás á la unaa... seis reás á las doos... seis reás á las doooos y seis reás á las tres. Si non hai quen dea mais que bo proveito lle faga.

Dall'a cacheira â muller qu'a poxou, colle os seis reás e deseguida quita outra d'a cesta e, ô levanta-l-a en alto, por tod'ô redor d'él s-oie: esta sí qu'é boa, esta sí que vale doce reás e mais vinte tamén.

Ansí entretén o sancristán á xente hastra que son casique as doce.

Mentras qu'a maor parte d'a xente está âs poxas, as patronas d'as casas están facendo o xantar e, cando os demais chegan, ferve o pote á cachóns con cacheira, chourizos e uñas.

Despois que todo está ben cocido; póñens'á xantar.

N'a casa d'o siñor Xorxe, despois qu'están todos xuntos, póñens'á face-l-o propio. Están enriba d'a mesa dous grandes xerros de viño y-anacos de pan e trai deseguida Rosa pra cada un sua cunca de caldo.

¡Ai! qué caldo tan graxento, miña naiciña!

dí Bautista. Sí ¡oh!; pódese corta-l-a graxa c'un coitelo; dí Carmiña.

Vaya por cando non leva mais que unto; dí José Manoel.

Acabaron de comer, anque non ainda de beber, porque a freba tiraba po-l-o viño, cando sin mais nin mais entran pra dentro dous revestidos, muller e home: ela ben vestida e c'a cara tapada c'unha cofia, e él vestido de barredoiro c'un forcado n'a man. Rogoulles Xan con viño; pero, como tiñan que destaparse algo pra beber, non quixeron. Todos d'a casa eran a preguntarlles algo pra face-l-os falar por ver s-os conocían po-l-a voce; mais eles finxían-a de tal maneira que non houbo de qué da-l-as.

Marcharon os revestidos e pouco despois os d'a casa de siñor Xorxe todos menos él sailían par'a Pont'a Valga pra corre-l-os entroidos.

Alí era un rebullicio: xente por aquí, xente por alí, xente n'a carretera, xente n'as tabernas; uns botando parromazos, outros indo pr'á fonte á lavarse; en fin, alí ninguén tiña parada; soilo os vellos qu'estaban xunt'o axuntamento vendo como os mozos bailaban ô compás d'a gaita que tocaba Xaquín de Vitorio, á quen acompañaban Palanqueta c'o tambor e Fanchuco c'o bombo.

Aquí andan revestidos bailando, alí está Juanito de Vitorio c'unha cana de pescar n'a man; n'a punta d'o cordel en ves de miñoca púxolle un figo paso, dill'ôs rapaces qu'o que o colla c'a boca, aquél é o que o come, xúntans'os rapaces ô redor d'él e todos c'a boca aberta andan dando saltos pra colle-l-o figo.

Mais alá está colgada d'un carballo unha tixola que ten po-l-a parte d'afora pegada con pez unha peseta, que ganará o que a arrinque c'os dentes. Van os rapaces todos

un detrás d'outro á meterll'os dentes â peseta; mais o que consiguen é poñe-l-a cara com'a parromeira, pero non arrinca-l-a peseta.

Así pasan os rapaces a tarde.

A xente moza pas'a ou bailando ou mirando pra quen baila e n'a taberna xogando e tomando viño algúns.

Logo que se puxo o sol, colleu po-l-a man Rosa d'o Pereiro os dous rapaces mais novos e, despois d'encargarll'os outros ô pai, marchouse pr'á casa.

Tan presto chegou encendeu a lus e foi muxi-l-a vaca pra botarll'o leite fresco ô almoado. Botoulle tamén unha ducia d'hovos e púxos'á facer filloas. Tiña xunt'á sí unha cunca de mel e á cada filloa que botaba n'o prato botáball'unha culleradiña de mel por arriba. O principio non medraba nada o prato, sempre estaba botando filloas e nunca

tiña mais que tres ou catro hastra que se decatou que llas limpaban dous bos *peixes,* que lle facían as beiras. ¡Qué diaños de rapaces!

D'alí á unha hora chegou Xan á casa traguendo as fillas consigo.

As mais grandes puxéronse de parola c'os mozos y-a nai sigueu facendo filloas.

Despois qu'acabou, díxoll'âs fillas que despachasen logo porqu'ô día siguente era día d'escola.

Obedeceron as fillas, despedin'ôs mozos.

Rezaron o rosario, foron despois acomoda-l-o gando e puxéronse á cear.

Tan presto acabaron, â cama.

* * *

Saile o sol o luns d'entroido e tod'a xente está n'a cama. Quedaron todos tan cansados d'o domingo, que ningún despertaba. O siñor Xorxe, que de todo se coidara menos de

corre-l-os entroidos, despertou xa cedo e, vendo que naide rebulía e que todos dormían coma pedras, despois qu'había xa duas brazas de sol, chamou po-l-as netas pra que se levantasen. Levantáronse estas e cand'elas todos d'a casa e, despois d'almorzar, marcharon uns por aquí, outros por alí, cada un ô seu avío. Todos traballaban con ansea, tiñan que ter os labores feitos par'as doce, porque despois había que ir â corrida d'o galo, que non era de perder.

Todos traballaban; mais os rapaces non facían cousa boa. Os pais berraban; pero non facían bo d'eles. En tod'o día non facían mais que pensar n'a corrida, todo se lles volvía arregla-l-o traxe, poñerlle bolras ô gorro, dibuxar n'él con papeles de color, quitar e poñer a carabina ô lombo á ver como estaba millor, en fin, que non pensaban n' outra cousa.

Tan presto daban as doce estaban xa pidind'o xantar pra marchar axiña á luci-l-o traxe, o gorro, a carabina y-a espada. Ouían fogos e casique non xantaban c'a presa. Marchaban correndo á xuntarse n'o Carballiño, qu'era o sitio en qu'había d'haber a corrida. Cada un que chegaba o primeiro que facía era mirar qué traxe, qué gorro e de qué color tiñan os compañeiros a carabina y-a espada pintadas. Algúns tíñan-as tan ben, que mesmo parecían de ferro e, como tiñan as carabinas un buratiño n'a punta, non faltaba quen coidase qu'eran de ferro, sendo nomais de pau; non faltaba algunha vella que, estremecéndose de medo cando se chegaban á ela c'unha carabina d'estas, dixese: «quita alá, demoro: seica estás tolo; inda has de matar un. Tan bo é quen che da á tí esas cousas».

N'o Carballiño estaba á múseca entrete-

ñendo á xente mentras non era hora de comenzar á corrida.

Alá po-l-a media tarde collía un home un adival e ataba n'o medio d'él o galo po-l-as pernas; despois ataba unha punta d'o adival n'un carballo y-a outra pasab'a por unha ponla d'outro pra tirar por ela e poñe-l-o adival mais ou menos estirado e poñer ansí tamén o galo mais ou menos baixo.

Mentras esto facían preparábas'o pradicador pra subir á un púlpito que fixeran de taboas vellas cravadas n'un carballo.

C'a presenza d'él n'o púlpito xa tod'a xente s'esfachicaba de risa.

Comenzaba o pradicador d'esta maneira:

Siñoras e siñores, rapazas e rapaces, mozos e vellos: escoitade y-estad' atentos ô testamento que vou á ler, qu'é d'o probe galo que c'as aas abertas e c'o pico pra baixo vedes n'ese adival colgado po-l-as pernas.

Dí así (*):

«Anoauca me console
en esta tan triste sorte;
pois esta noite escribeuse
miña sentenza de morte.
Os qu'estades de min lonxe
acudid'e vind'á ver
o que face un probe galo
cand'está para morrer.
Xa qu'estou en meu xuicio
testamento quer facer
par'os meus benes deixar
á quen mellor me pracer.
Pero, antes que s'escriban
as cláusulas derradeiras,
quero tamén despedirme
d'as amantes compañeiras.

(*) Non sei quén é o autor d'este testamento. A min ditoumo meu abó, qu'o sabe de mamoria, como ll'o ditaba tamén ôs que s-encargaban de lê-l-o n'a corrida d'o galo.

Galiñas, miñas amigas,
con quen sempr'acompañei:
vind'á ver, vind'e vereis
o estado á qu'eu cheguei.
Estou tan atribulado
n'esta vosa despedida,
qu'o deixarvos n'esta hora
de certo me cost' a vida.
Un consello quero darvos
e vos fago ben sesudo:
que fuxás canto puderes
d'estas festas d'o entrudo.
E s-â casa vos chamaren
¡pira! ¡pira! vos dixeren,
alá non vayás, fuxí;
que pillarvos é o que queren.
Levantavos xa ben cedo
e â casa non tornés,
marchade por eses días
e pr'á coresma virés.

E, si vedes qu'adoesen,
vede tamén com'andades;
porque quizais vos pillaren
cando meno-l-o coidades.
D'aquí á sete semanas,
cando entrar'o mes de Abril,
xa estou eu adiviñando
que morrerés mais de mil.
E aquelas que quedaren
alegres pasad'os días,
librâvos canto puderes
d'as funcións de tales días.
Fixavos e vede ben
a color da miña crista,
porqu'é a últema ves
que n'ela poñe-l-a vista.
E de min non teñás pena,
ôs mais galos dad'oídos,
qu'ansí facen as mulleres
se lle morren os maridos.

En todo canto dixere
poñé sentido e atento,
qu'a agora vou comenzar
meu pequeno testamento.
Deixo a voce d'a garganta
ôs galos, meus compañeiros,
para cantaren de noite
enriba d'os seus poleiros.
Tamén deixo a miña crista
bermelliña e moito bela
pr'ô gato mais lambiqueiro
que poida ficar con ela.
Deixo as prumas d'o pescozo
de varias cores pintadas
pr'âs meniñas d'esta terra
par'andaren afeitadas.
E deixo as prumas d'o corpo
por seren as mais honestas,
par'as mociñas d'a moda
s-afeitaren po-l-as festas.

E deixo as prumas d'o rabo,
por seren as mais brilantes,
par'as mociñas solteiras
que llas den ôs seus amantes.
E deixo as uñas d'os pes
par'as mulleres viudas
pra que se rañen de noite
cando lle mordan as pulgas.
Tamén deixo as miñas pernas,
por ser de cor amarelas,
pra que dez millóns de cans
tomen unha ataca d'elas.
O bico m'iba esquencendo...
deix'o ô galo mais fraco
pra que cando armare bulla
faga mais outro buraco.
Mais o fígado e a muega
y-a miña bondade enteira
que as coma logo asadas
quen for miña cuciñeira.

O papo, que tod'a vida
ben me sirveu de saleiro,
deix'o pr'ô home honrado
para bulsa d'o diñeiro.
Deixo o miolo d'as tripas
e toda a mais demasía
pr'â muller mais rexubeira
qu'huber n'esta freguesia.
E vos, meus estudiantiños,
xa que ansí o querés,
degollâme ben de presa,
qu'é favor que me facés,
Todo pai que tuver fillas
e dote para lles dar
mándeas par'o convento
ou trate de as casar.
Pois agora por desgraza
xa vemos á cada canto
qu'o pai que tivere fillas
logo ten cabelo branco.

As mozas, cando solteiras,
son moito traballadoras,
todas están moi briosas
e son belas tecedeiras.
Apenas están casadas...
teñen o narís torcido...
Sô teñen a lingua pronta
pra responder ô marido».

Cando o pradicador estaba acabando, despois de ler a cláusula derradeira d'o testamento, desfacíanll'o púlpito sin qu'o conecese e viñan abaixo pradicador e púlpito causando esto moita risa.

Saile ô medio o rapás mais sabido d'a escola, póñenll'un pano por diante d'os ollos pra que non vexa, póñen-o debaixo d'o galo, soltan adival hastra qu'o galo lle tropeza n'a cabeza y-estonces él chégas'un pouco atrás, prepara a espada, dí en voce alta uns versos e deseguida dalle de canta forza ô galo pra

mata-l-o; mais ¡qué vaina! non lle dá, porque tiraron po-l-a punta d'o adival e puxeron o galo moi alto.

Despois d'aquél iba outro y-ansí corrían ó galo os rapaces todos d'a escola, advertíndose eles y-adivertindo tamén ôs que miraban.

Tan presto s'acababa a corrida, tocaba a múseca e bailaban os mozos, namentras os rapaces iban pr'â escola á come-l-os figos pasos e probar o dulce qu'o mayestro lles daba. Y-á todo esto era xa noitiña e había que marchar, porque a corrida xa s'acabara, a xiada estaba caindo e n'o Carballiño non se facía nada. Verdadeiramente era millor marchar; pois alá xunt'ô lume unhas filloas e un traguiño de viño d'a casa non estarían mal.

* * *

O martes son mais ben as dez qu'as nove

d'a mañán cand'a xente se levanta. Os rapaces, que tan contentos se ergueran onte, érguense hoxe todos amorriñados e tristes. S-houbera outra ves corrida d'o galo, estarían contentos; pero, como non-a hai, ve-l-aí.

Esténdes'a xente po-l-o campo, unha por aquí, outra por alí e, despois que dan as doce, acoden todos á casa sin faltar un siquera. Cando se trata de comer... Dio-nos libre d'eso.

Ainda ben o relós non da a unha, camiña xa xente pr'á Pont'a Valga. Van as rapazas brincando e correndo diante de todos e por detrás d'elas as mozas xa falando, xa cantando. Como non volve á ser martes d'entroido hastra outro ano que viñere, tamén van os vellos; pero non con tanta presa com'os mozos, van con tod'a parsimonia.

Agardan xa n'a Pont'a Valga os rapaces po-l-as mozas; uns con naranxas n'a man

cheas de parromo d'o forno, outros con fariña triga, d'a que as nais tiñan gardada pra facer filloas, metida n'o peto e con xiringas feitas d'un cacho de cana y-un pau con estopa n'a punta os mais d'eles.

Así que ven vir ás mozas, henchen uns as xiringas d'agoa, preparan outros as naranxas e, metendo os outros a man no peto, collen un puñado de fariña. Chegan elas y-os diaños d'os rapaces comenzan de súpeto á facer d'as suas: póñenll'uns a cara negra c'as naranxas y-outros lávanllas c'as xiringas; bótanll'uns fariña n'a roupa e n'o pelo y-os d'as xiringas fan papas.

Cando os vellos chegan, xa o barullo lles rompe a cabeza. Alí hai pouco mais ou menos o mesmo d'o domingo; soilo que borracheiras moitas mais. Algúns dende que chegan hastra que marchan, qu'é ben tarde por desgraza, están metidos n'a taberna to-

mando viño y-agoardente hastra que se non teñen de pe. E non son soilos os solteiros, son os mais d'eles casados, á quenes teñen qu'ir as mulleres quitar d'a taberna sin chamarlles lambóns e gorxóns por ter mais vergonza que eles. Non sei qué sinto ô dici-l-o; mais ant'a verdá n'hai mais remedeo que baixar a cabeza.

Despois qu'o sol se pon y-a xiada comenza á cair, comenza tamén a xente á marchar. Contr'ó norte, contr'ó sul, contr'ó nacente e ponente, por tod'as parte se oie:

Adiós, meu martes d'entroido,
adiós, sí, meu queridiño.
Hastra domingo de Pascua
non che como mais touciño.

O PORMEIRO DÍA D'A CORESMA

IV

PASADOS os días d'entroido, n'os que tanto s-ofendera á Dios xa comendo de gula cacheira e filloas, xa bebendo viño e caña tanta, que por todas partes se vían homes e hastra mulleres caneando e facendo eses; n'os que moitos e moitas taparan a cara poñendo unha carantoña, porque lles daba vergonza facer con ela descuberta o que facían con ela tapada, amañece o día de ceniza y-acoden cásique todos â ilesia moi homildosiños. Henches'esta de xente e, despois qu'o Abade bendice a ceniza, achéganse ô altar pra toma-l-a os homes primeiro y-as

mulleres despois. Oien todos c'a cabeza baixa estas palabras qu'o Abade dí ô poñerlla: «Memento homo, quia pulvis es et in pulverem reverteris». Lémbrate home que es terra y-en terra te convertirás.

¡O que dín tan poucas palabras! ¡canto miolo teñen! ¡qué sabenza a d'a Ilesia ô poñe-l-as â contempranza d'os fieles!

Está tod'a xente pensativa, namentras hai misa, meditando que somos... ¡terra!... ¡¡nomáis que terra!!... ¡ainda menos que terra!!

Alá detrás d'un confesonario está unha muller, c'a mantilla botada pra diante e c'os ollos cravados n'o chan, considerando como non somos mais que lama; pois de lama fixo Dios á Adán. Considera despois o pecado qu'Adán cometeu, pecado que tantos mals trouxo â humanidade enteira; mais, ô considerar a maldá d'o pecado, chora...

Moito mais chora ô considerar que somos ainda menos que lama e terra, ô considerar o presto que se morre, como, cando menos o coidamos, temos â forza que deixar pais, hirmáns, amigos, compañeiros, bens, todo.

Mais ¡ai! que non é esto o mais malo. O peor é que tan presto a y-alma se separe d'o corpo chamaraya Dios pra tomarlle conta de toda-l-as aicións. ¡Qué conta tan estreita!

E despois que lle tome conta o deviño Xuez ¿cal será a sorte d'ela? Asegún fose a sua vida: si viveu e morreu ben, boa será a sua sorte. Si viveu e morreu mal, desgraciada será por tod'a eternidá.

¡Canto chora a mulleriña c'a contempranza d'estas verdades!

Acabouse a misa cand'ela coidaba qu' ainda estaba n'o medio. Lémbrase estonces que cumpreu con Dios Noso Siñor e que ten qu'ir cumprir c'o deber de nai. Deixou os

meniños soilos n'a casa, e quén sabe si darían c'os mistos e pegarían lume â casa? Fixo un auto de verdadeira contrizón e marchou.

Coma esta muller fixeran cásique todos qu'â ilesia foran ou a maor parte; mais os que, estando ainda durmindo a borracheira d'o martes, non s-acordaran d'ir â misa, levantáronse âs doce todos chochos, feitos uns babecos, con ganas nomais que de beber y-estombearse. Eso é o que lles pasa á todo-l-os pelicas: gastan os cartos, estragan a salú e despois ô día siguente non poden traballar; así é que ô diñeiro que gastan pra emborracharse hai que anader ainda o que perden de ganar. Que estragan a salú ben-o conecen eles; mais con todo volven ô vezo. De maneira que, anque non fora pecado, ninguén debía emborracharse. As persoas d'algunha estimanza y-un pouco finas xa non-o fan; pero á estes pelicas, de que falo, que nin

pisca tiñan d'eso, parecéranlles poucos os días d'entroido e querían ¡palanquins! facer outro mais d'o día de ceniza. Xuntáronse â noite (Dio-l-os cría...), colleron unha sardiña e foron-a enterrar cantándolle por detrás... ¡Vaya! ¿terían cabeza? Terían, pero foca; porque ¿á quén se ll'ocurre ir facer de monos? ¿á quén adivertir monos? ¿á quén enterra-l-a sardiña, cando mais falla fai? Saben que entra a coresma, que moitos días d'ela se non pode comer carne y-enterran a sardiña!

Ben-o decía eu: tiñan cabeza; pero ou era de burro ou sin miolo.

A SEMANA MAOR

V

TRISTE y-alegre ô mesmo tempo é â verdá a aldea n'a corésma. Triste; porque nin se oien os doces a-la-lás, nin os repinicados cantares d'as nenas que andan c'o gando, nin as copras parrandeiras d'as qu'están pañando herba. Triste; porque ôs domingos po-l-a tarde non s-oien as pandeiretas qu'o resto d'o ano as nenas tocaban n'o rueiro, as pandeiretas que ben repinicadas, como elas saben facer, chaman ôs mozos dicindo: vinde â ruáda. Triste; porque ainda follas non te-

ñen os albres y-â xente toda da penuria ve-l-os tanto tempo ispidos.

É moi triste a aldea n'a coresma; pero é tamén alegre, porque a xente anda contenta. Chega un â aldea, alcontra os albres sin aquela verde folla que denantes tiñan e sente pena; pero míralle pr'á cara á calquera d'as persoas qu'alcontra ô paso y-ô ve-l-a tan chea de satisfaución non pode por menos d'alegrarse con ela. Paresce un milagre. Aquela xente qu'anda chea de traballo, que moitas veces n'o día amarga o pan que come; aquela xente que de cote anda arrastada sin ver logro d'o seu traballo, porque todo canto gana llo levan os consumos, contribucións, cédulas, o trabuco d'as feiras e ¡qué sei eu cantas cousas mais?; aquela xente que, ademais d'andar arrastada de traballo e comer probemente, ainda auna e garda as vixilias; aquela xente alcontr'a un, mira pra ela y-ô

verlle aquela cariña de pascuas, non pode menos d'adimirarse. E con todo n'é milagre; porque n'é raro ver os probes mais contentos e satisfeitos qu'os mais ricos, como n'é estrano qu'os ricos sean mais desgraciados qu'os probes. Esta xente d'a aldea, qu'é probe e pasa traballos e mais traballos, é a xeneralidá moi simple e moi boa e leva sempre consigo o xerme d'a sua satisfaución, cal é o ter concéncia de que cumpre c'o seu deber. Por eso n'é estrano qu'a xente d'a aldea pase a corésma tan contenta com'o resto d'o ano.

Os domingos e días santos po-l-a tarde é o tempo qu'a xente d'a aldea ten pr'adivertirse; mais a adiversión qu'en tales días d'a corésma ten, é ir â ilesia á rezar, á ouvir o qu'o abade pradica e andar o Via-crucis. E proba de qu'esto lles aprace tanto com'a adiversión d'o resto d'o ano é que, cando po-l-a tardiña baixa saien d'a ilesia, van po-l-os camiños e

sendeiros cantando xa o *Santo Dios,* xa o *Corazón Santo*, xa o *Perdón ¡oh! Dios mío.*

* * *

Cal domingo antre todo-l-os d'a corésma, é o qu'a xente toda e maormente os rapaces desexan que chegue axiña? - O domingo de ramos.

O vispra po-l-a tarde buscan os rapaces ponlas d'oliveira. Os donos teñen ese día moito coidado de non sair d'o pe d'elas, porque, s-os rapaces saltan enriba, deixan-as todas estragadas e sin un gomo siquera. Todos queren ponlas grandes; mais, como hai poucas oliveiras y-âs que hai lles leva tanto tempo medrar, téñen-as que levar pequenas, pois d'outra maneira non chegan á media merenda. Nin poden tampouco derramar á eito, porque, s-ansí o fan, pr'ô ano siguente n'hai un ramo.

O domingo po-l-a miñán levántans-os rapaces cedo pr'arrombar os ramos, pois andan todos en compitencia á ver quen os leva mais arrombadiños.

Chegan ô adro todos c'o seu ramo cheirando á romeu que leva n'o medio. Miran uns par'os ramos d'os outros e o que mais e o que menos coida que n'a ilesia n'entra ramo mais periposto qu'o seu.

Tan presto dan as tres picadas â misa, entran todos n'a ilesia y-os que denantes eran tan cocóns que n'eran capaces de se chegar ô altar, sinón que se metían n'un currunchiño onde nadia os vise, teñen hoxe atrevemento pra se pôr diante de toda-l-as mulleres, pegados mesmo ô altar.

Comenzar o abade as cirimonias e levantar todos os ramos hastra mais non poder, todo é un.

Levan moitos os ramos atados n'un pau,

ansí n'é milagre que tropecen n'as lámparas e arañas ô levanta-l-os tanto.

Dilles o abade qu'os baixen e obedecen axiña; pero, ainda ben este non da media volta, xa os vidros d'as arañas comenzan á tocar, xa os ramos están outra ves levantados; pois coidan os rapaces que, s-os ramos non están ben altos, non collen bendición.

Vendo o abade que non fai nada c'os rapaces, volvell'á decir que baixen os ramos, pois qu'él non bendice mais qu'os qu'están baixos. Baixan os rapaces os ramos, pero pouco e pouco van-os levantando outra ves. Todos quixeran estar ou tan siquera ter o ramo xunt'o cañoto d'oliveira qu'o abade bendice pra despois facer d'él a borralla qu'ôs feligreses pon n'a testa o pormeiro día d'a corésma.

Acabadas as cirimonias d'a bendición dispóñense todos pr'á procesión; mais, antes de

sailir, ten qu'avisar outra ves o abade que baixen os ramos pra non guindar c'o aceite d'as lámparas.

N'a procesión todos queren ir diante e, por mais qu'o abade berre, todos enredan e dan choutos d'alegría, pegando uns ôs outros c'o ramo n'a cara á pique de se quitar un ollo.

Despois qu'andiveron en procesión e se fartaron d'enredar, oien a misiña con regular atención. Digo con regular, porque se non poden privar de mirar pr'ô ramo e d'arromba-l-o mellor.

Tan presto a misa s-acaba, sailen todos d'a ilesia correndo e, inda ben non chegan á fora, xa andan á correazos, ansí é que, cando chegan â casa, xa os ramos en ves de ser ramos son mais ben corres, porque xa non teñen follas.

Si po-l-o gusto d'os rapaces fora, ainda

os ramos se non gardaban o domingo; pero as nais non andan con contos, quítanllos d'as mans e gárdan-os, porque n'os días d'a Pascua pensan ir poñer uns ramiños e botar unha pouca agoa bendita en toda-l-as leiras en que teñen froito sementado.

* * *

A carta feira d'a semana maor é un día de moito traballo pr'ô sancristán, pois ten que poñer o menumento. E non ten mais remedeo que poñe-l-o; pois a quinta feira non ten tempo, porque âs dez ten qu'estar a campán tocando á repinicar e antes d'eso hai moito que facer.

Como âs dez toca a campán e, desque toca, se non pode traballar e, como por outra parte n'é tempo de moito apuro, concorre moita xente â misiña a quinta feira.

Moi pouco despois qu'a campán toca á

repinicar, comenzan á pasar velas pr'á ilesia.

Está xa o menumento posto y-alá n'a cima de todo un sagrario, donde Sua Deviña Maxestade está real e verdadeiramente presente.

Ó pe d'o menumento está o sancristán sentado coidando d'as velas, espavilando-as de ves en cando e recollendo e pôndo n'o seu debido sitio as que lle van traendo.

Namentras esto pasa n'a ilesia, andan os rapaces e mozos arrombando as carracas os primeiros y-as tonas d'oucalitro, por n'as haber de castaño, os outros pra ir po-l-a tarde âs tenebras con elas.

Alá po-l-as tres d'a tarde comenza a concorre-l-a xente â ilesia.

O menumento está xa cásique cheo de velas á un e outro lado e po-l-o carreiriño qu'hai po-l-o medio anda o sancristán espavilando-as.

Da penuria entrar n'a ilesia a quinta feira d'a semana maor. Todo-l-os altares están tapados con lenzo y-alí se non ve hoxe imaxen de ningún santo. Tan soyo se ve o menumento coroado de velas e moi preto d'él o sino d'a nosa redención, a crús, cuberta tamén de lenzo.

Tod'a xente qu'hai n'a ilesia, unha agora, outra despois, vai beixar a crús. (*)

Ahí po-l-as catro comenzan os cregos á cantar o Oficio d'a pasión e, á cada salmo que cantan, sínanlle ô sancristán pra que apague unha d'as quince velas qu'están postas n'un candeeiro.

Namentras os cregos cantan, os mozos e rapaces todos menos un, qu'está n'a porta grande mirando cantas velas d'o candeeiro

(*) Reparei mais d'unha ves qu'algúns confunden beixar con baixar, sendo ansí que beixar sinifica dar bicos e baixar sinifica poñer, poñerse mais baixo.

están acesas, están n'o adro á contos e preparándose pr'âs tenebras.

Cando soilo duas velas d'o candeeiro quedan acesas, apaga o sancristán toda-l-as d'o menumento y-a lámpara tamén e, cando soila queda a d'o medio, o rapás qu'está n'a porta grande axixando faille unha sinal ôs qu'están n'o adro e entran todos n'a ilesia pôndos-en rolda os que teñen tonas e xunt'á eles os d'as carracas.

Á algún lle parecerá esto un enredo, unha rapazada, unha simplicidade ou unha cousa de tolos; mais o qu'esto maxine proba que é un papalisón e que non sabe o qu'esto sinifica, pois conta a historia que cando Noso Señor Xesucristo, Fillo de Dios, Dios verdadeiro, morreu por nos n'a crús, comoveuse tanto a terra y-o firmamento enteiro, qu'os tronos e lóstregos asombraron á xente, o sol ecrisouse e houbo un tembror de terra tan

grande que hastr'as mesmas penas s-abrín-o. E todo esto é o qu'as tenebras sinifican.

Á outra sinal d'o abade paran os mozos de bater c'as tonas n'o chan y-os rapaces de darll'ô veo d'as carracas.

Tan presto as tenebras s-acaban, alcende outra ves o sancristán as velas todas.

Antre unhas cousas e outras pasou tempo e, cando pouco despois d'as tenebras sacan en procesión a imaxen de Nosa Señora d'as Delores, vestida de loito, é xa o anoitecer. Como a procesión vai ô cruceiro, cando chega de volta â ilesia xa é noite cerrada y-estonces a xente vai outra ves beixar a crús e volve pr'âs suas casas.

O sancristán, s-a feligresía é pequena, pode marchar presto pr'â casa; pero, s-é grande, ten qu'estar n'a ilesia hastra que queime algo toda-l-as velas, porque todo-l-os viciños queren qu'a sua vela arda algo.

* * *

Érguese o sancristán cedo a sesta feira pra ir alcende-l-as velas e logo qu'él chega comenza á concorrer xente.

O primeiro que fan todos tan presto chegan é beixar a crús.

Ahí po-l-as oito comenzan os cregos o Oficio d'a pasión e, despois de canta-l-a, descobren a crús e dan-a logo á beixar por ves derradeira.

De que remataron a misa, colle o sancristán as velas unha por unha e vai lendo o letreiro que en cada unha está pegado. N'o letreiro está o nome d'o dono y-o lugar en que vive; ansí é que, tan presto o sancristán lè o letreiro, chégase á él o dono ou a dona ou outra persoa encargada de recolle-l-a.

Todos marchan pr'á casa; mais o sancristán tense qu'aguantar n'a ilesia por lle quedar ainda por facer unha labor de moito

enredo e moito traballo, cal é desfacer o menumento.

Desfeito e gardado o menumento, tamén él vai xantar, pero volve axiña pr'á ilesia pra carrexar agoa pr'âs pías d'agoa bendita; pois todas elas están baldeiras dend'a quinta feira po-l-a miñán.

Ahí po-l-as duas d'a tarde camiña car'á Padrón moita xente que vai ver o desencravo, pero algunha xa vai diante pra coller un bo sitio dend'onde s-oia ben o pradicador e se vexa todo ben e se non esté moi apertado. Antr'ela vai Rosa d'o Pereiro c'as fillas, siña Felisa con fillas e netas, a *Longa,* as *Búcalas* e outras.

Ás catro pouco mais ou menos, cando a ilesia de Padrón, que n'é d'as pequenas, está chea, ben chea de xente, comenza o sermón.

Diante d'o altar está unha crús en qu'está

cravada a imaxen de Noso Señor e preto d'ela a imaxen de Nosa Señora d'as Delores posta n'a ándia.

Cando o pradicador vai rematar o sermón, manda que dous cregos, representando á Xepe d'Arimatea y-á Nicodemus, suban po-l-as esqueiras qu'están arrimadas â crús e descraven a imaxen d'o Salvador, quitándolle antes a coroa d'espiñas que poñen n'a man d'a Virxen. Así que descravan a imaxen d'Aquel que nos redemeu, poñen-a dentro d'o sepulcro.

Pouco despois saile a xente d'a ilesia pra ver a procesión. As d'a Pereiro sailen tamén e póñense mesmo n'a porta d'a ilesia pra ve-l-a ben.

Comenza a sair a procesión indo diante a crús con dous cereales ôs lados. Dinde xunt'a crús hastra donde veñen os cregos van moitas velas en duas ringleiras. Despois

d'a crús, anque bastante separada, vai unha rapaciña c'unha xerra n'a man, pousada n'un cadril, representando â Samaritana. Síguelle outra rapaciña, cravados os ollos n'o ceo e levando n'a man un lenzo en qu'está estampada a cara d'o Salvador. Esta rapaza representa â Verónica. Detrás vai o Calvario e preto d'él o sepulcro que gardan catro civiles, un en cada esquina. Ó lado d'o sepulcro van catro rapaces vistidos d'encarnado con cada un seu libro n'a man. Estes rapaces representan ôs Evanxelistas. Non moi lonxe d'o sepulcro van outras tres rapaciñas que representan âs tres Marías. Despois vai a imaxen d'a Virxen con dous civiles ôs lados y-un cabo detrás. Despois van os cregos todos e detrás d'eles o Axuntamento enteiro e detrás d'este a múseca que leva tras sí un bo fato de persoas.

A xente que vai ô desencravo algunha

(antr'ela as d'o Pereiro) marcha xa desque ve a procesión e outra espera á que se meta n'a ilesia. Asegún teña mais ou menos qu' andar pra chegar â casa.

* * *

Amañece o sábado con cara xa de pascuas. Tod'a xente anda contenta por s-acaba-l-a coresma e mais os mozos e mozas por estar preto a feira d'a Pascua en Padrón, á onde pensan ir; y-os rapaces, pensando en qu'ô día siguente lles mandarán os padriños o bolo d'a Pascua, se non fartan de dar choutos d'alegría.

Son as oito d'a miñán. Por todo-l-os camiños se ven ir car'á ilesia rapaces que levan n'a man botellas uns, outros xerros e pucheiros tamén algúns.

Un pouquiniño antes d'as dez comenza a misa, qu'é cantada, e âs dez, cando o crego

d'a misa canta o *Gloria in excelsis Deo,* descobren os altares, tocan os rapaces as campaíñas todas cantas hai n'a ilesia y-o sancristán repinica as campáns. Ó toque d' aleluya toda-l-a xente s-alegra, non faltando quen coide que, desque a campán toca á aleluya, xa se pode comer carne, sendo o sábado tan día de vixilia com'a quinta e sesta feira.

Tan presto a misa s-acaba, ponse o sancristán xunt'á pía d'a agoa bendita pra henche-l-os xerros e botellas, porque, si deixa qu'os rapaces a collan, arman tal rebullicio que mete medo; pois, como todos queren coller primeiro, botan uns po-l-os outros, rompen unha que outra botella e hastra pegan, si non hai xunt'á eles algunha persoa de peso qu'os desparta anque sea c'un sopapo.

De que o sancristán lles henche os gavexos, todos van cada un pr'â sua casa pra traballar e despois po-l-a tarde poder ir á

carretera mirar os cabalos que pasan pra Padrón. Os mozos non sailen á carretera; mais o traballo que fan ben pouco é por certo, porque o primeiro de que se coidan é de limpar o traxe e darlle lustre ôs zapatos pra ir á feira.

O domingo van os mozos de gambernia y-os vellos, ô ve-l-os marchar, dinlles con certo aquel: ide, meus filliños, ide, adivertídevos mentras podedes, que, cando chegue o *mayo*, habede-l-o d'amargar ben.

O MAYO

VI

Non é meu intento, ô facer a descrición d'o *mayo,* pintar a beldade d'o mes d'este nome nin tampouco describir a costume qu'os rapaces d'algunhas vilas e pobos teñen de facer o primeiro de Mayo un gran arco de froles, dentro d'o cal vai un rapás moi vistido, e leva-l-o n'unha ándia, cantando e pidindo unhas cadelas á cantos alcontran ô paso. Non-a describo por non ser xeeral. N'as aldeas soilo poñen este día n'as portas e ventanas uns ramiños de frores de xesta pra que non lles entre o mayo, pra non

esmorecer; pois cómprelles todo este mes andar moi espavilados por seren os traballos pesados e moitos. Á todos estes traballos chaman os labregos *o mayo* y-esto é o que vou describir.

* * *

Camiñaba car'á Sabanda unha miñán d'os primeiros días d'Abril José Manoel, o neto mais novo d'o siñor Xorxe, c'unha botella n'a man. Xunt'á horta d'Oliveira encarou c'unha muller que, como de costume, lle perguntou á onde iba.

Vou catar agoardente, contestoull'o rapás.

—E logo tendes xente d'afora?

—Temos á meu tío Ramón o Soneira que ll'está poñendo unha rabela nova ô arado.

—E botará alá tod'o día?

—Seica sí; pois ten que poñerlle dentes

novos â grade e non sei si ten qu'arrombar tamén un xugo.

—Tamén ten que vir un día pr'â miña casa, porque as abeácas d'o arado son moi vellas e hai que mudarllas, rompeumell-unha cheda ô carro e hai que pôrlla nova, como tamén as dentoiras. Mira, meu meniño: dille á teu tío que veña mañán pr'â miña casa, sí?

—Boeno, sí, señora.

—Haste d'acordar?

—Hei, sí, señora.

—Non t'esquenzas, non? que tamén che hei de dicir onde hai un niño de melro.

—Pois dígamo xa.

—Heicho de dicir despois.

Estaban n'a eira d'o siñor Xorxe ô pôr d'o sol catro persoas pra falar con Ramón o Soneira. Querían todas que fose ô día siguente traballar â casa d'elas; mais tíñalle dada palabra Soneira á Pelegrina a Búcala e

non podía faltar. Quixera poderse partir ô medio pra contentar siquera á duas; mais non podía.

É tempo de moito traballo o mes d'Abril par'os carpinteiros; pois queren uns que ll'aromben o arado ou o carro e queren outros que lles fagan o canizo ou o grade, a aparelloa ou o xugo. O demais, como mangar as legoñas, arrombar as canizas, facer timoeiros, poñerll'os fungueiros ô carro y-outras moitas cousas, fan-o ben os nosos paisanos, quenes teñen habelencia pra eso e pra moito mais. Son moi listos e moi traballadores os nosos labregos e non folgan nin descoidan en nada os seus traballos. Proba d'eso é que xa á primeiros d'Abril dispoñen todo par'o *mayo*.

* * *

Iba Mateu po-l-a Tarroeira o dezaseis d'Abril po-l-a tarde cando veu que Xeróme andaba labrando. Pasaba cuasemente po-l-a testa d'a leira cando acababa de dar un rego y-estonces, mirando pra él e sinándolle c'a man, dixo: non te descoidas, Xeróme.

—Nin tampouco madrugo demais. Ó fin e ô fallo estamos á dezaseis.

—E vas sementar tan cedo?

—Po-l-o d'agora ainda non; pero a terra por estar moito tempo labrada nada perde, qu'inda gana; pois canto mais tempo, mellor podrece o terrón. Hoxe labro e grado esta, mañán e pasado outras y-así dentro d'oito días teñoas todas labradas. Despois volvo outra ves á esta, bótolle o millo, labro, grado e coteo e c'a axuda de Dios d'aquí á un mes teño eu xa millo grande pra sachar.

—E logo sin-a axuda de Dios...?

—Non ten volta de folla; pois si Dios non

quer que naza, o que é tí non-o fas nacer.

—E qué tal os bois? labran ben?

—Labran por certo. Os dous o fan ben; pero o marelo maormente vai pe ante pe dereitiño po-l-o rego coma un fuso. Outra mais: o mesmo labran antepostos que c'o rapás diante. Cando son así, n'é medio traballo labrar. Ve-l-alá anda Maisimino labrando c'uns becerros, qu'o deben facer ben mal, porque un pouco ¡ei, marelo, ei!, outro pouco ¡boi ô rego! él sempre anda berrando.

—Home, sí; labrar con gando cativo debe ser moito traballo.

Ben sabía Mateu o que era labrar con gando cativo e mais o que con gando bo; pero, como estivera algún tempo fora, facíase o desentendido coma quen xamais fixera tal cousa. E eso que antes de marchar pra fora traballara como cada fillo de viciño. Facía com'o outro que ôs poucos días de che-

gar de fora, estando n'a eira con sua nai e vendo alí guindado un angazo, perguntoulle como se chamaba aquelo y-a nai, facendo cruces ô ver qu'o seu fillo se non lembraba xa d'eso, dixolle c'aquel cariño con qu'as nais falan sempre c'os fillos: «non t'acordas meu filliño?

—No recuerdo, no.

—Pois, home, paresce mentira...

—Pues no.

Estando falando dóuselle ô inorón por enredar c'o angazo pinzand'o c'o pe, e de súpeto levantouse o mango e doulle de canta forza n'os dentes y-estonces él sin darse conta escramou cheo de rábea: ¡caramba con el angazo!

Algo de parecido con este tiña Mateu: facía que inoraba as cousas d'a terriña; pero en cámbeo botábase de sabido n'aquelo que menos entendía. Qué vos paresce d'a salida

de pe de banco que tivo, cando estando de parola con Xeróme, dixo: «e logo sin-a axuda de Dios...?

É unha desgraza. Todos queren entender de Relixión sin saber d'a cartilla o *Todo fiel cristiano*...

* * *

O vinteoito d'Abril á eso d'as nove d'a miñán moitas persoas, a maor parte mulleres, estaban sentadas debaixo d'un salgueiro qu'había xunt'o camiño. Estaban todas en rolda ô redor d'un gran xerro de viño e unha tortilla con rebandas de pantrigo n'o médeo. Preto d'elas estaban dous bois c'o xugo posto comendo un feixe d'herba que tiña diante. Como n'este tempo nin pra comer hai vagar, comeron â presa e, tan presto acabaron, bois ô arado pra seguer besando. Colleu cada unha o seu legón e, despois de bater uns

contr'os outros pra quitarlle a terra, fóronse todas car'ó arado. Botoulle a man o siñor Antón â rabela e, amostrándolle a vara por detrás ô gando, berrou: ¡ei, boi! Comenzaron os bois á labrar pouco e pouco, porque a leira estaba dura, e, asegún iban abrindo rego, iba a xente desfacendo o terrón e metend'o debaixo d'a terra. Como a leira era grande, levoulle besa-l-a o dia enteiro e diquiapouco lle non chegaba, pois xa podía mais a noite qu'o día y-ainda estaban gradando.

* * *

O día catro de Mayo todo n'a casa d'o siñor Xorxe anda revolto, todos traballan á mais non poder, porque ô día siguente é a gavea d'o agro e teñen qne carrexar o esterco. O camiño é d'o mais cativo; por eso Xan ten qu'ir c'o carro, porque, si vai Bautista

soilo, é moi fácile qu'o emborque. Carrexan o esterco con dous carros; mentras Xan e Bautista levan un â leira y-o descargan en moreas, as fillas cargan o outro y-así nin teñen elas parada, nin tampouco os que carrexan; pois, tan presto chegan c'o carro baldeiro, alcontran xa o outro cargado pra marchar con él.

Ainda ben Noso Señor non da o día cinco, xa os d'a casa d'o siñor Xorxe están n'o agro estendendo o esterco pra que, cando a xente chegue, poida xa comenzar á gavear. Así que saile o sol comenzan á chegar os xornaleiros; mais, antes de pôrse ô traballo, dalles Rosa unha copa d'agoardente y-un anaco de pan, porque todo-l-os traballos d'o *mayo* son pesados; pero coma este ningún, pois, como din moi ben os nosos paisanos, é carne de peito.

Ahí po-l-as oito e media chega Rosa c'o

almorzo. Almórzan forte (boa falla lles fai) e póñense deseguida outra ves á gavear. Como a casa está preto, non ten Rosa o traballo de levarlle o xantar ô agro, van os traballadores â casa pra, despois de comer, poder durmir un pouquiño.

Cando ô pôr d'o sol os xornaleiros ven o agro bo d'acabar, todo se volven atruxos e, tan presto acaban, veñan copras e mais copras.

Aquí se ve a forza d'os nosos labregos y-o cariño qu'ô traballo teñen. Un día de gavea, coma o d'a malla e outros así, fan ruada. Parescerá cousa estrana e non-a é; n'aqueles corpos, que tanto traballaron, hai ainda alegría pra cantar e bailar e nin sono tan siquera teñen.

Chama Rosa po-l-a xente pra cear e soben todos pr'ô sobrado. A mesa n'é d'as probes; carne á fartar e viño con forza.

A NOITE DE SAN XOAN

VII

Pasou o outono c'os seus fortes chubazos e miudos chovisqueos que d'os camiños e congostras fixo lameiras; pasou c'os seus ventos d'o sul qu'as debesas e soutos e viñas e hortas apouvigando os albres todos ispeu d'aquela verde folla que denantes os cobría.

Pasou o inverno e con él a xiada y-as neves, as moledeiras chuvias y-os fortes ventos.

Pasou tamén a primadera c'as suas miñáns d'orvallo y-os seus días feiticeiros. A

primadera tantas veces desexada e tan fermosa pasou xa; mais pasou facendo ben: puxo follas gomosiñas n'os albres ispidos, puxo frols n'os froitales, gomos n'as viñas, frores n'os toxos e xestas; fixo cantar ô cuco y-â bubela, ô melro y-â rula y-os paxariños todos.

Comenzou xa o vran. Dende que son as dez d'a miñán xa se non para c'o sol y-a xente que pode vai pr'á beira d'o río ou par'algunha carballeira onde, deitada â sombra d'os albres, puro ambente respira e goza c'a contempranza d'as preciosidades qu' a natureza puxo n'este tempo n'a aldea. ¡Qué feitizo! ¡qué pracer! S-os ollos dirixe pra riba, ve todo cuberto de follas, gomosiñas unhas, outras xa non tanto, pero todas moi verdes e tan xuntiñas que nin un soilo rayo de sol deixan chegar ô chan, dando ansí unha sombra qu'é un verdadeiro pracer. S-as

olladas dirixe de frente, ve carballos aquí, salgueiros alí, freixos alá, ameneiros acolá, alá lonxe un alcipreste, pinos por un lado, mimosas e xestas po-l-o outro. Si mira pra baixo, ve o chan de verde herba revestido con froles d'unha calidá n'un sitio, d'outra n'outro e n'a maor parte d'eles rosiñas de toda clas; paresce, en fin, qu'o chan cobriron con verde alfombra sementada de rosas.

Verdadeiro feitizo é a aldea en San Xoan. Cantan os paxaros todos dend'o carrizo hastr'o miñato y-a xente toda, dend'o rapás mais pequeno hastr'o vello mais engoumado, anda n'este tempo contenta.

De todo-l-os días d'este mes o de mais alegría, maormente pr'os rapaces e mozos, é o día vintetrés, vispra de San Xoan. Andan po-l-as portas d'as casas rapaces e rapazas pedindo herbas de toda clas pra mete-l-as n'unha cazola ou n'un barriñón e poñe-l-as

ô orvallo d'a noite pra despois o día de San Xoan po-l-a miñán lavar a cara c'a agoa d'elas.

Os rapaces que n'andan âs herbas rouban toxo, silvas secas, ponlas de salgueiro y-ameneiro, pinos pequenos y-un grande. Espetan o grande n'o chan c'unha bandeira n'a punta, botan tod'ô redor d'él a leña que xuntaron e péganlle lume. Esto fan os rapaces d'unha aldea, os d'outra fan o mesmo, y-os d'outra mais alá tamén, habendo d'esta maneira a noite de San Xoan fogueiras en case toda-l-as aldeas.

Tamén os rapaces qu'están n'o monte c'o gando fan a sua e, como lles costa pouco traballo xunta-l-a leña, fan-a boa e ainda paresce mais d'o que é, porque, como está n'o alto, loce mais e vese de moitos mais sitios y-así po-l-a noite en toda-l-as partes se ven fogueiras.

Non se coidan d'estas cousas os mozos, sinon que traballan hastra que xa se non ve e â noite, despois de cear, xúntanse todos pra facer d'as suas. Van xuntos po-l-as aldeas e rouban cancelas, portales e carros, cabaceiras, arados e grades, canizos, canizas e tod'o qu'atopan á xeito. Cando ven qu'a xente foi pr'á cama, comenzan eles á axexar caladiños ond'hai algo que roubar. Buscan os barriñóns d'as herbas qu'os donos agacharon antr'os loureiros, antr'o millo, enriba d'os cubertos ou d'as pereiras e, s-os encontran, agáchanllos n'outro sitio pra que despois os donos ou as donas perdan a pacencia po-l-a mañán buscand'os. Algúns galupíns rompen os barriñóns, cousa que pasa xa de chiste. Rouban cancelas e d'elas fan, si lles prace, unha mesa n'o camiño d'a ilesia pra qu'a xente s-esfachique de risa cando po-l-a miñán vaya oi-l-a misiña. Os arados y-as grades

colgan-os n'un albre onde tod'o mundo os vexa. Os carros é o que mais traballo lles da rouba-l-os, porque pesan moito e fan moito barullo. Con todo ainda rouban ben d'eles e eso qu'os donos teñen bo coidado de garda-l-os: os que teñen curral cerrado fechan o portal, levan a chave pr'â casa e, anqu'os mozos queiran, n-hai de qué da-l-as; os que non-o teñen levan-o pr'ô d'algún viciño e dormen xa sin coidado; os que nin-o teñen seu nin alleo en qu'o gardar teñen que pasar a noite en vela, teñen que durmir despertos, facend'o algúns enriba mesmo d'os carros.

Lémbrome sempre d'un caso que me contaron e pasou n-hai moitos anos. Andaban os mozos d'a Pont'a Valga buscando carros que roubar. Camiñando car'á Sabanda, acordáronse d'o de Soneira. Foron caladiños car'ó cuberto e metéronse debaixo d'él pra que non-os visen. Puxeronse axiña contentos ô

dar c'o carro; mais, ô ver qu'enriba d'él estaba un home deitado, quedaron suspensos. A noite estaba crara; mais non porque a lua, qu'ainda era nova, amostrase os corniños, sinon porque as estrelas d'o ceo pendentes, cal luceiros, brilaban. Con tod'a craridá qu'elas daban non poideron os mozos saber quen era o qu'estaba n'o carro. Coidaban uns que era Soneira, dicían outros que non. Alcenderon un misto con moito coidado pra que non sintise e, ô ver qu'o qu'estaba deitado era o siñor Manuel o Mau c'unha gran borracheira, marcharon correndo c'o carro po-l-a carretera adiante car'á Pont'a Valga. O home non dou nin un chío temendo que o mallasen. Os mozos, ô ver que seguía calado, tuveron medo qu'estivese enfermo e volveron n'o carro con él outra ves pr'ô cuberto de Soneira. Véndose o Mau de novo onde antes estaba, non tuvo pena e sigueu durmindo a borra-

cheira. Ó levantarse Soneira e baixar ô cuberto atopou ó Mau deitado y-espertand'o perguntoulle como estaba alí. Contándolle o Mau o caso d'o carro, botou a man â faltriqueira dicindo: non sei se me roubarían catro pesetas que tiña aquí. Non m'as roubaron, non; mais, xa que as contaba perdidas, manda vir medio cuartillo d'agoardente.

Os mozos, en canto foi noite, non tiveron medo e seguiron facendo d'as suas; mais po-l-a miñán o que mais e o que menos coidaba que por él perguntaban os civiles.

Cancelas e carros, canizos e grades, arados e todo anda esta noite en bolina; así é que, cando po-l-a miñán ben cedo se levanta a xente pra lavarse c'a agoa d'as herbas e ver como, cando nace, o sol bota a sua bailiña, esfachícase c'a risa vendo as truanadas d'os mozos.

Rínse os que teñen todo ben gardado

n'a sua casa; mais ôs que lles falta o carro ou a grade, o arado, o canizo ou calquera outra cousa abofellas lles non pega a risa, non; bótanlle unha ollada ôs mozos ô sailir d'a misa e, pasando po-l-o adro c'unha cara de desteta-nenos, marchan por alí adiante en busca d'o que lles falta.

UNHA TARDE N'O RUEIRO

VIII

Allá po-l-o mes d'Agosto, cando o sol trague á xente esmorecida; cando hastra en mangas de camisa nin dentro nin fora d'a casa se para; cando por falta de agoa as campías perderon aquela forte verdosidá que denantes tiñan; cando algunhas follas secas xa d'os grans de millo caen; cando a terra paresce que queima os pes á calquera qu'ande descalzo; cando as fontes xa non deitan e se lle non pode valer á algún milliño que seca atafegado ô querer bota-l-a espiga; cando a froita cai de seu xa porque ten o

bichoco ou porqu'está case mirrada; estonce sí que é un verdadeiro pracer estar â sombra, estonce sí qu'as casas os domingos quedan soilas e saien todos pra fora, estonce sí qu' hai xente n'o rueiro. E a cousa n'é pra menos, porque, non tendo que facer n'a casa e si se non para ô sol ¿qué mellor qu'estar â sombra? E si po-l-a sombra é ¿qué mellor que n'o rueiro? Alí non soilo hai boa sombra, sinon qu'ademais, como n'hai casas por diante, bris dociña corre d'o norte, bris que da vida e alento, sendo en Santiago e Agosto par'á xente media comida. Por eso n'é estrano qu'a xente vaya toda pr'ô rueiro. De toda canta xente alí hai son as rapazas as que mais barullo fan, as quaes c'a pandeireta n'a man e sentadas n'as escaleiras d'o cruceiro están esperando qu'algún chegue. Elas quixeran bailar con algún rapás novo, anque fora cativiño; mais os mozos... ¡quen

os catara! Uns leva-os o rei, outros marchan par'á América y-os poucos que quedan aquí ben estimados son por certo. Por eso a rapaza que ten un mozo anda sempre moi garbosa. Todas o quixeran ter por aquelo de n'as ocasións poder decir: «teño mozo» mais ben que por outra cousa, porque as mulleres, cando berran, non saben o que se chamar; ansí é que, cando unha d'as que berran é casada y-a outra solteira, sempre a casada lle tapa a boca â outra con esto: «tiven quen me quixese ¿sabes? e á tí nin pra vistir santos che queren». S-as duas son solteiras e unha d'elas ten a desgraza de non ter mozo ¡probe d'ela! a contraria apadúm'a. A que ten un mozo, anque sea ben cativo e non vaya á xunt'a ela nomais qu'algún día asemade, sempre dí: «teñ'os á moreas, teñ'os ansí (xuntand'os dedos d'as mans), ainda os que eu non quero ch'os podía man-

dar pr'alá, pero non te queren ¿ves?

Bo é que son listas como ardillas e sábense defender ben e, anque nunca un rapás lle dixese: esta boca é miña, sempre dín que teñen mozos, sempre teñen quen as queira e hastra son bos mozos os rapaces d'elas, soilo que os teñen n'a América. Ainda todo vai ben, pero eso de te-l-os n'a América, eso sí que é unha pexigueira, porque n-Habana todos temos moita terra. O ter un rapás ¡ai! o ter un rapás hoxe en día é unha gran cousa e, como as cousas boas á todos nos gustan, po-l-o mesmo as rapazas desexan ter un mociño y-as que n'as escaleiras d'o cruceiro están sentadas non son menos. Están c'a pandeireta n'a man, tócan-a de ves en cando á ver s-eles oien, pero, como dí o outro, están verdes.

O qu'espera despera y-esperar por quen non ven é moito traballo. ¡Probes rapazas!

Xa non saben que facer; elas cantar xa cantaron, botaron tamén unha baila, anque soilas, tocaron a pandeireta, mais tod'en valde: eles non veñen.

Cando menos o coidaban viron vir car'á elas á Nelo. ¡Qu'alegría! ¡que maneira de se revolver! unha ata o pano d'o pescozo, outra baixa o d'a cabeza pra que se lle vexa a cinta d'o pelo, outra estira e pon ben o mandil, outra séntase ben; en fin, todas o queren y-él é un soilo. Pelexarían por él?— ¡E quen sabe?; mais deixémo-l-as c'os seus traballos e vayamos á ond'as vellas están sentadas.

Todas falan moi baixiño, ¿qué dirán? Elas son vellas, é certo; mais son todas custureiras e, anque mais d'a mitá d'elas nunca viron a custura, son hoxe custureiriñas, porque, se non cosen, cortan. ¡Qué custureiras! son mellores qu'as d'a moda,

son finas cal lan de gato. ¡Qué ben cortan! non queda nin a cousa mais pequena. ¡Qué tixeira! ¡Ai! qué lengoa! A peor desgraza que calquera pode ter é cair antr'as tixeiras d'estas vellas rexubeiras. Ben dicía un distinguido escritor: «Es maldición de gitanos: en lenguas de hembras te veas».

Cair n'a boca d'elas é pouco menos que cair n'a d'o lobo ou peor, se moito m-apuran; por eso eu nin siquera m-arrimo e vou ver com'os mozos xogan os bôlos.

Todos están en zapatos y-en mangas de camisa, están todos encarnados com'o lume e suan moitos á pelo. Todos tiran c'as bôlas, cando lle toca a ves; mais non todos lle dan ôs bôlos; un dalle, o outro non, un dalle á un bôlo e conta dez, outro dalle tamén e conta vinte; outro, que ten mais bo ollo, tira a bôla e dalle á tres bôlos que valen un dez tantos, outro vinte e outro corenta.

Tantas bôlas, tantos bôlos á min logo me cansan. Non sea que coiden que tamén eu son un bôlo e me vayan á cascar c'a bôla n'a cabeza, porque desque sai d'a man.....

Po-l-o sí e po-l-o non apartémonos un pouco. Mellor s-está xunt'ós rapaces pequenos, porque hastra á berrar son chistosos. Están xogando â marióla c'un peletre feito d'un cacho de tella. Si Fulano pisou a raya ou non-a pisou, si Mengano botou o peletre n'a raya ou non-o botou: estas son as suas rifas.

Eu ben estaba xunt'os rapaces; mais ô berro de «esta baza é nosa» entroum'a curiosidá e fun pra xunt'ós homes xa de tempo.

Bota belisca, dixo Andrés, que tiña o *âs*.

Mata de *tres*, díxoll'o compañeiro á Paulos.

Paulos matou de *tres*, pero Andrés matou de *âs* e fixo n'unha baza trinteseis tantos.

Como había mais bancas que unha, fun mirando unhas e outras e, cando acabei, xa o sol s-agachaba tras os pinares, xa se non sentía tanto afogamento y-o serán era morno, morno, com'o día fora quente.

A FESTA

IX

UNHA d'esas noites sereas e bélas en qu'a lua pracenteira fai d'a terra e maormente d'a aldea lindo e halagadeiro pracer adozando-a c'os seus prateados rayos; en que garuleiras as labercas ôs mozos farristas fan choutar d'alegría c'as doces e soaves cántigas suas, era a d'o seis d'Agosto. Xa pasara o tren d'as dez cando n'o bosque de Camba encarou con Xaquín Alberte.

Ves moi cedo, Alberte; dixo Xaquín.

—Outro tanto che digo.

—¿Qu'hai de novo?

—Non sei nada.

—Xa vas pr'â casa?

—Unha noite coma esta â verdá mesmo da pena ir pr'á cama.

—Dís moi ben; mais non sabes unha cousa.

—Si m'a dís, sei.

—Pois que vai haber unha chea.

—¡Non digas eso!

—Como o oies.

—Daya o Zaragozano?

—O Zaragozano non, daya un pernóstico qu'eu teño.

—Engañaráse.

—¡Cá! É seguro que a hai par'o quince e dezaseis.

—Déixasme lélo.

—Pois éche ansí. Ainda outra mais: di que, anque ôs de fora tamén ll'ha de tocar

algo, onde mais gorda ha de ser é n'a freguesía de Xanza.

¡Pois estámosch'aviados.....! E pra mais mesmo cadra n'os días d'a festa.

—Nin mais nin menos.

—Si será unha caroca!

—Non é, non; é tan certo com'o oies.

—Non-o creo.

—Se vivimos, x'ô verás.

—Pois estonces hastr'alá.

—E antes d'alá moitas veces.

—Adiós.

* * *

O día catorce d'Agosto son as catro d'a miñán e xa n'a horta d'o Pereiro están siñor Antón o cortador e mais xente d'as catro casas que levan cada unha un carterón d'o becerro: d'a casa d'o siñor Xorxe está él e

mais a filla; d'a d'a siña Felisa está ela e mais Carmela; d'a de Manoel de Xorxe está a muller e d'a d'o lagar a siña Pepa.

O siñor Antón ten presa e non quere demoranza. Tan presto lle trân o becerro, con tres martelazos n'a testa pon-o xa patas á riba. N'un santiamén sácall'o coiro e, despois de face-l-os carteróns, marcha correndo pr'ô Sisto, porque alí mais d'un becerro ten que ter listos antes d'as oito pra marchar pr'ô Carballiño e despois ir á Senín.

Son as once d'a miñán. O sol pela que rabea; mais con todo a carretera vai moi chea de mulleres, que de San Lois e Padrón traguen cestas de moletes, garabelos con arrós, azucre, pimento, canela e tod'as demais especies. Todas corren car'á Xanza onde o quince fan a festa.

Tan presto a campán toca âs doce, o Abade bota fogos e tres bombas de palenque.

Alí mesmo xunt'á eigrexa d'unha casa saile fume e cheira á loureiro queimado. É porque teñen n'o forno bolas de fariña triga que foron moer á Segade. D'alí á un pouco outro cheirume ven d'a mesma casa. É á empanada de pantrigo con cebolas e sardiñas de Rianxo, que feita po-l-a tecedeira disque sabe que gorenta.

Repenican as campáns alá po-l-a media tarde y-o *dín* e *telín* d'as garuleiras campáns leva a cobizosa nova non soilo âs aldeas de Xanza, sinon á tod'as d'a redonda.

Cando por terceira ves repenican âs vísporas, entran n'o adro os músecos tocando unha marcha e traguendo diante d'eles un bo fato de rapaces.

Despois qu'o Abade canta as vísporas, saien todos pr'ô portal d'o adro. Alí tocan os músecos, alí cantan y-alí bailan as rapazas e rapaces; dend'alí botan os fogos, que

son uns d'a tres estalos e outros de luces bonitas.

* * *

Ainda ben po-l-o nacente n-asoma a promeira craridá d'o día quince, unha ducia de bombas estalan n'o aire despertando á moita xente de Xanza. Todos se levantan cedo. Os homes acomodan o gando y-as mulleres barren unhas o sobrado, que fregaran d'antemán, e fan os leitos, pôndolles colchas e sabáns novas, e outras fregan os pucheiros, pois todos hoxe fan falla pra facer o xantar.

Moita xente vai â misa d'o Abade, pero â cantada vai moita mais, unha qu'é de Xanza e outra de fora. Como a eigrexa n'é moi grande, está tan chea de xente que, s-espallasen agullas, soilo en cabezas caían.

Os amos de casa d'aquela freguesía, despois qu'oiron a misiña, andiveron en procesión e viron como n'o portal d'o adro bailaban os mozos, comenzaron á buscar ôs seus parentes, amigos e achegados pra marchar cada un c'os seus pr'âs suas casas á facer a festa. Tocaron os músecos unha marcha e marcharon todos dicindo uns qu'a misa estivera boa, que Mingos bailaba ben outros, falando cada un d'o que lle viña â boca. Os que marchaban iban contentos y-os que non, soilamente as rosquilleiras, quedaban tristes por lles marchar os parroquianos d'a agoardente e mistela, d'as rosquillas e melindros.

O día d'a Nosa Señora dende po-l-a miñán cedo andan po-l-as portas d'as casas os probes todos d'as freguesías d'a redonda y-en todas lles dan á cada un duas ou catro espigas. Cando é festa, é pra todos.

* * *

Serían pouco mais ou menos as cinco d'a tarde cando a múseca foi pr'ô Campo de Xanza, onde s-había de xuntar a xente toda, uns pra bailar, pra ver como bailaban outros e pra locir as campas os mais d'eles. A múseca tocaba dicindo qu'a baila comenzaba, pero o que mais s-oía era o bombo, o barullo d'él chegaba hastr'ás casas de mais lonxe, dicíndolle ôs rapaces e rapazas que s-arrombasen e fosen axiña pr'ô Campo. A xente moza, xa é visto, tan presto oieu o bombo, formigábanll'os pes e choutaba d'alegría, preparouse e marchou. A xente xa de tempo non tiña tanta presa, estivo un pouco mais de paróla e, despois qu'o sol non picaba tanto, foise indo pouco e pouco.

Á eso d'as sete d'a tarde todo era bulla n'o Campo de Xanza, todos alí estaban contentos: a múseca tocaba, bailaban os mozos y-as campáns d'a eigrexa con tanger tamén

alegre tocaban âs vísporas de San Roque, que era ô día siguente. Estaba tamén n'o Campo o siñor Antón ¿n-había d'estar? Faltaría todo faltando él.

Era o siñor Antón non moi alto, pero ancho, contaba xa os seus cincoentedous anos y-estaba tan forte coma calquera de trinta; era ô mesmo tempo ben feito, pois o que fai bo mozo fai tamén bo vello; era un home de moita cachaza, moi tratable e moi listo; en él atopaban os viciños un home bo, con él iban consultar as suas cousas e él era o qu'amañaba toda-l-as cuestións qu'había antr'os viciños, pois, ademais de ter o siñor Antón as condicións que levo ditas, tiña tamén outras mais e moitos cartos.

Ó redor d'o siñor Antón había, como de cote, moitos homes, antr'eles Melchor, quen vendo qu'estaba pouco contento: pero logo, perguntoulle, é día de Nosa Señora hoxe ou non?

—Non ten volta de folla. ¿Por qué?

—Digo esto, porque n'está tan faladeiro coma outros días.

—Home, â verdá mesmo da pena vir ô Campo d'hai poucos anos pr'acá.

—¿Por qué?

—Pero, home, tí non tes ollos? ¿non ves qué maneira de bailar teñen os mocosos d' agora? Dígoch'a verdá: non sei qué me da vendo esas garatusas, porque eso nin é bailar nin cousa parecida, eso é andar agarrados e dar voltas â redor com'un rodicio e namais. Despois din qu'hai moitos tísicos ¿n'ha d'haber? D'esa maneira un soyo tísico pódelle pegar a enfermedade á cincoenta, porque andan tan achegados qu'o alento d'un respír'o o outro. O bailar d'algún tempo sí qu'era bailar, mais, como require céncia.....

Os mozos d'agora non saben, díxolle Melchor.

—Si non saben, que deprendan.

—Pra deprender fai falla ver e po-l-o tanto debe ir vusté botar unha moiñeira.

Sí, sí, que vaya, dixeron todos, que vaya, hoxe ten qu'ir.

Todos lle dicían que fose, porque sabían qu'o facía ben y-á todos lles pracía ve-l-o facendo falar ás suas castañetas de pau de rosa. Tanto lle supricaron que ô fin animouse o siñor Antón, sacou a chaqueta, sacou d'a faltriqueira as castañetas e díxolle á José Benito que fose avisar os músecos namentras él buscaba muller qu'o acompañase. Comenzou a múseca á tocar a moiñeira e ve-l-ahí saile o siñor Antón con Bernalda pr'ô medio d'a baila. A múseca tocaba y-a parexa qu'andaba bailando era a ledicia d'os que a vían.

Cando o siñor Antón viña d'a baila suando á pelo, chegaba ô Campo unha manada de xente e antr'ela viña o siñorito Felipe, mozo

de vintesete anos que pouco tempo facía que viñera de Cais sin un mal carto n'o peto e metérasell'â nai n'a casa pra que lle dese de comer. A probe nai víase mal, porque, cando âs doce lle non daba mais que caldo, aquel fillo fací'a desquerer; ansí era que, cando algún día tiña companguiño, non tiña mais remedeo que pasar ela sin él e darllo ô fillo por non ll'ouvir botar sapos e cóbregas po-l-a boca; sí, por aquela boca qu'ela achegara tantas veces ô seu peito pra darlle de mamar; por aquela boca ond'ela puxera tantos bicos; por aquela boca dond'ela quixera ver sair unha pregaria que chegase ô ceo. O siñorito falaba castelán, ou po-l-o menos quería, e botábase de home sabido. Quería rozarse c'o siñor Antón, pois, como este era a persoa de mais sesudés qu'había por alí ô redor, estando á ben con él estaba á ben con todos. Comprendeu qu'aquela era boa ocasión e,

cando o siñor Antón, que sailía d'a baila, iba pra xunt'os amigos e parentes, achegandos'á él faloulle d'esta maneira.

Buenas tardes, señor Antonio.

Non estou afeito á que me chamen Antonio e, si non fora que vusté mirou pra min ô mesmo tempo que me falou, apenas me percatara de que me falaba á min. Boas tardes nos dé Dios e a Virxen Santísima, siñorito.

—No me conose, siñor Antonio.

—Non son Antonio, x'ô dixen.

—Vaya, vaya con el señor Antón, no me conose, verdá?

—Non siñor.

—Pues yo le son el higo de Filomena la...

—¡Ai! xa sei, xa. Cando viñeche de Cais?

—He vindo hará por ahí dos simanas, pues.

—¡Oite! estonces poucos cartos habías de traguer, porque foi pouquiño tempo.

—No le fué tan poco tiempo, pues, hase el día ventiseis catorse meses que embarqué y sin embarjo me estoy figando en que no pasa día por V., está lo mismo que antes.

Mirou siñor Antón fito, fito pra Felipe e díxolle con voce un pouco dura: eu estarei o mesmo, home, estarei, pero vusté non; pois ven falando castelán cal si nacera n'as Castelas. Eu vexo que, s-algún castelán ven por aquí, fala a lengoa d'a sua terra e non a d'a nosa; pero usté non fai ansí, non, ¡boa gana! Cando eiquí non fala o noso galleguiño ¿qué faría en Cais? alí cortaría castaños á rentes d'o chan. Pois mire, siñorito: o seu deber era cando chegou á Cais falar gallego, tod'o tempo qu'estivese en Cais falar gallego e aquí, anque nomais fose por no-nos encabuxar, debía fala-l-o. ¿Ansí lle paga usté â terra qu'o veu nacer? ¿Tan pouco quere usté á quen debía querer tanto? Non sei com'a

nosa terriña o consinte n'o seu seo, non sei. Coida que facía algo demais falando a lengoa d'a nosa terriña? ¡E ten peito á chegar falando castelán! ¡Badulaque! Poida ser que coidase que falando castelán ll'ibamos á quita-l-o sombreiro. Non sei como...

Vendo Melchor qu'o siñor Antón s-iba encabuxando moito, tratou de calma-l-o dicindolle: non faga caso; élle un rapás novo e ten o sintido á voar.

—Cala, home, cala ¿quén non s-ha d'encabuxar? sendo, como é, a nosa fala tan doce, á qué ven ese farandulo c'o castelán? N'hai mellor fala qu'a nosa, estamos moi contentos con ela e non queremos outra; xa está dito.

Cada un es cada un y puede falar como se le antogue, repricou Felipe.

—Non che é ansí: cada un é cada un, mais non par'o que se ll'antoxe; todos temos

os nosos deberes e un d'eles, é querer á nosa terriña, estar sempre dispostos á morrer por ela e po-l-as cousas d'ela; e unha d'as millores cousas, si non a mellor, que ten a nosa terriña, é a fala, o noso galleguiño que tí queres estragar. Está ben que se saiba castelán, o saber nunca está por demais; pero non pra fala-l-o sempre, sinón pra cando nos atopemos con algún que non comprenda a nosa fala; porque falar antre nós outra lengoa mais qu'a nosa éche o desprezo mais grande que podemos facer de nós mesmos. ¡Arrenegar d'a nosa fala? Nunca, soilo po-l-a dulceza que ten non-o faríamos. ¡Arrenegar d'a nosa lengoa despois de cantar a sua grandeza o reiseñor d'os campos d'Iria, a inmortal Rosalía? Soilo pensa-l-o arremete, soilo o fai un farandulo coma tí, que deixa a vergonza tras d'a porta cando saile d'a casa e non ll'importan tres pitos

os deberes mais santos. ¡Palanquín!.....

O siñorito, cando veu qu'o siñor Antón s-encabuxaba tanto, tuvo medo á unha somanta e foise escurrindo, escurrindo hastra que consigueu sailir d'alí e irse c'o castelán á outra parte.

As campáns repenicaban por ves derradeira âs vísporas de San Roque y-os músecos marcharon pr'â ilesia. As nais arrecadaban cada unha os seus fillos e pouco despois os camiños e carreiros iban xa cheos de xente que marchaba par'as casas. Soilo quedaban n'o campo de Xanza as rosquilleiras que gardaban as rosquillas n'a cesta y-alcendían un farol pra botarlle outra copa mais de mistela ou agoardente á algúns pelicas que n'eran xa capaces de levantarse d'o tallo por lle non gobernar a cabeza.

A ESPADELA

X

PRA dicirlle á calquera que ll-han de pegar moito, acostuman algúns dicir: «has de levar as d'o liño», e â verdá teñen razón, porque seica n'hai nada que tanta leña leve coma él; pois xa cando o arrincan pegan con él contr'o ripo sin dor ningún. Méten'o antr'os dentes d'o ripo e tiran por él de maneira tal, que paresce qu'os que ripan falan antre sí dicindo: turra, Xan, po-l-a burra. É certo qu'a bagaña é mala d'arrincar; mais con todo âs veces mesmo paresce qu'o fan adréde.

Despois d'arrincado póñen-o en feixes e méten-o n'o río ou n'un pozo que sempre teña agoa y-alí o teñen hastra que lles paresce qu'está cocido, como uns oito ou nove días, os quaes pasados quítan-o d'a agoa e póñen-o á secar despois de ben lavado. Atan-o outra ves en feixes, despois qu'está seco, e lévan-o pr'â casa onde ll-esperan ô probe d'o liño as somantas mais grandes.

Alá por Santiago e Agosto, cando o sol pica ben e n-hai moito que facer, trata a xente de maza-l-o; mais o día en qu'o queren mazar bótan-o antes ô sol, porque disque non da tan ben, si non está quente e, cando case é medodía, po-l-a forza d'o calor, collen unha manchea d'él e, poñéndo-a enriba d'o mazadoiro, agarran d'ela c'unha man e c'a outra levantan e baixan a maza pegando n'o liño y-así están bate que bate un bo cacho de tempo hastra que queda feito case fíos,

hastra que diquiapouco se non conece.

Non contentos con maza-l-o tanto, ainda o fregan contr'unha pedra, esmagand'o, cal si fora un sapo, pra quitarlle as arestas mais gordas, pônd'o despois en montóns de vintecatro pares de mancheas, de que se compón o afusal.

De que levou estas voltas está o liño listo pra espadelar. ¡Outra boa tunda!

Chega o tempo d'as espadelas. N'a maor parte d'as casas non queren foliadas e mandan vir unhas cantas mulleres pra que o espadelen n'os días que lles fagan falla, pagándolle o xornal que sea xusto. Outras casas non entran por eso, queren facer todo n'un día e chaman as mozas que precisan, marcándolle o día en qu'ha de ser a espadela. Non s-esquencen elas de dicirlle ôs mozos que tal ou cal día van espadelar pra Fulano, nin s-esquencen tampouco d'ir, anque haxa

ben duas brazas de sol cando cheguen. Si non van mais cedo, é porque non poden; pois teñen qu'ir ben piripostas, porque ese día é mais ben de garula que de traballo. Unhas mais cedo, outras mais tarde, van chegando todas c'o espadeleiro debaixo d' un brazo e c'a espadela n'a outra man.

Pouco despois que chegan lévalle a dona d'a casa un cacho de pan y-unha copa d'agoardente. As mociñas novas non fan mais que proba-l-a; mais as que xa perderon o mentes de se casar botan abaixo a copa que lles da e botaban mais duas, si llas deran.

Duas cousas, ademais de comer, fan as espadeladeiras dend'a miñán hastr'á noite: rexubar y-espadelar. Todas fan ben o primeiro, poucas así o segundo; todas son xa n'o primeiro maestras, o segundo están todas deprendendo.

Hai qu'espadelar duas veces o liño, hai que darlle duas mans, que chaman debouzar e tascar. Hai que darllas en dous días, por ser case imposibre facer todo n'un, á non ser que sea moi pouco e moitas as mulleres. Tanto á debouzar como á tascar o traballo é o mesmo, soilo que cando debouzan está o liño en mancheas e, pôndo-as terciadas enriba d'o espadeleiro, quítanlle a aresta por un lado primeiro e po-l-o outro despois, primeiro unha mitá e despois outra e, cando acaban, d'a manchea fan un rollo, que chaman estriga. Cando tascan fan o mesmo, soilo qu'estonces sacan mais qu'as arestas, estonces é cando separan d'o liño os tomentos.

Cando van á rematar, d'as perguiceiras a mais lavada pousa xa a espadela e ponse á xuntar as estrigas pra qu'a dona d'a casa as garde.

Ainda ben non acaban, namentras as de tempo lle poñen remate, comenzan as mozas á tocar a pandeireta pra qu'os mozos vayan vindo. Deseguida á cear.

Si non oien o barullo d'os mozos, ainda comen; mais, si os sinten, xa non comen en pas, marchan correndo pr'ô portal á toca-l-a pandeireta e bailar, s-hai quen as chama. Sempre percuran qu'haxa un cordeón pra que veña mais xente. Son case sempre as doce d'a noite cando s-acaba a ruada. Marchan contentas as que teñen mozo qu'as acompañe y-as que non marchan rabeando. Tamén queda contenta a dona d'o liño por te-l-o espadelado.

* * *

Non paran ainda n'estas as tundas qu'o liño leva. Desque está tascado, restélan-o

e sácanlle a estopa, que envolven en rollos que chaman manelos y-o que queda, que é liño, póñen-o en cerros.

Despois d'esto unha roca e un fuso, cuspe na lengoa, tento n'os dedos, boa voluntá e á fiar e facer moitas mazarocas pra facer d'elas n'o sarillo marañas, as que, molladas e petadas c'a maza, empapan en agoa e borralla e cocen n'unha caldeira ou n'o forno. Lávan-as deseguida moi lavadiñas e póñen-as á crareo hastra qu'están ben branquiñas. Tamén pra que branqueen lle fan oito ou mais días á reo cocementos de agoa con borralla e follas de limoeiro. Cando están ben branquiñas â devandoira con elas e facer novelos e levarllos â tecedeira pra que, urdindo-a e pôndo-a presto n'o tear, acabe axiña de tecer.

Ve-l-eiquí as voltas qu'o liño leva antes de servir pra facer roupa; ve-l-eiquí os tra-

ballos qu'o probe labrador pasa pra poder ter unhas cirolas, unha camisiña y-unhas cantas sabáns que, anque burdas, son duradeiras e sans. É unha alaxe a brancura n'a casa.

O DÍA D'OS MORTOS

XI

¡Qué grande, qué triste e qué terrible é o día d'os mortos!

¡Cantos van n'o mundo d'a verdá dende qu'o mundo é mundo!

¿Qué foi d'aqueles fortes guerreiros que, c'a espada n'a man, o mundo fixeron tremar? ¿Qué foi d'os grandes doutores e sabios qu'o mundo asombraron c'a sua sabenza? ¿Qué foi d'os ilustres bispos? ¿Qué d'aqueles grandes reises que tanto poder tiveron? ¿Qué d'os marqueses e duques e condes e

todo-l-os ricos? ¿Qué foi de todos eles?—Morreron com'os mais probes.

A forza d'os guerreiros, a sabenza d'os doutores, o poder d'os reises y-a riqueza d'os condes, marqueses e duques e toda-l-as grandes persoas hoxe son nada, hoxe son eles, com'os mais probes, terra. Ansí ô morrer com'ô nacer, todos somos iguales. Hoxe nadia se lembra d'eles; soilo nos lembramos d'algúns qu'a historia se dina nomear. ¡Qué esquencidos e soilos están os mortos!

Non hai cousa que tan presto s-esquenza como a morte; por eso á Ilesia marcou un día d'o ano pra que rezásemos por eles. Sí; tamén os mortos teñen o seu día y-este é o dous de Novembre.

O vispra po-l-a tarde, dende que deron as duas, as campáns tangen á morto. ¡Qué tangemento tan triste e melancónico!

Non hai casa ningunha onde a morte

n'entrase, non hai persoa que n'o outro mundo non teña alguén. Por eso acoden todos ô cimiterio á rezar cada un po-l-os seus e levarll'un recordo.

Coidamos, namentras somos mozos, que vivir é andar por camiños cubertos de verde herba e frols; mais é todo ô revés, porque si vivir é andar contentos, si vivir é gozar, si vivir é andar por camiños alfombrados de rosas, quén pode dicir que vive?

Alcontramos, sí, âs veces n'o camiño d'a vida algunha rosa, ô parecer, moi bonita. Levados d'o pracer que da ôs ollos, esterricamos a man pra colle-l-a sin nos dar conta, ¡coitadiños! de que por detrás d'a rosa está a espiña, sin lembrarnos de que non hai rosa sin espiña hastra que nos vemos feridos.

Pouco antes de pôrse o sol acode a xente ô cimiterio y-alí busca cada un a coba que garda os restos d'os seus.

¡Y-as campáns tangen á morto con tan triste *tin-tán* que parece que din n'o seu mudo lenguaxe: hoxe eu, ti mañán!

Quén non ten medo, quén non trema diante d'a coba? Quén non trema diante d'unha eternidá?

Xa s-agachou o sol tras os penedos y-a lús é cada ves mais endebre, paresce que morre, paresce qu'o mundo está dando as boqueadas.

Cando a terra domiñan as sombras d'a noite aparece moito mais triste e melancónico o cimiterio: n'a maor parte d'as cobas vense faroles alcendidos que deixan ver ô pé d'eles persoas, que, xa direitas, xa de xionllos, están c'a cabeza baixa, cravados os ollos n'a terra e c'o pensamento n'o ceo á onde fan chegar unha pregaria po-l-a y-alma de quen teñen n'o outro mundo. Y-as campáns c'o seu triste tanger fan qu'as pregarias sallan d'o

fondo d'o corazón e suban ô ceo mais presto.

Saile a xente d'o cimiterio obrigada po-l-a escuridá d'a noite e logo qu'está cada un n'a sua casa reza, acompañado d'a familia toda, o rosario enteiro. Rézan-o uns po-l-as y-almas d'os pais, rézan-o outros po-l-as d'os fillos, outros po-l-as d'os hirmáns e rézan-o moitos po-l-as y-almas d'uns e d'outros.

Son as oito d'a noite. Inda as campáns tangen á morto y-o seu melancónico tanger chega á ouvidos d'os vivos obrigánd'os á lembrarse d'os mortos, obrigánd'os á lembranse d'a outra vida.

Cando é xa mais tarde y-a xente trata de deitarse, síntese ainda o targer d'a campán e saile estonces d'o corazón d'as persoas de peso outra pregaria po-l-as y-almas d'os mortos.

¡Ou! sabenza d'a Ilesia! ¿Quén se lembraría d'os mortos si Ela non marcara un día

pra que rezásemos por eles? ¡Ou! bondá de Noso Señor! ¿Qué sería d'a humanidá si trás d'a coba n'houbera outra vida mellor?

UN CASAMENTO

XII

¡QUÉ noite mais mala a d'o vinteoito de Novembre! Tan escura estaba que se non vía miga, había qu'andar âs apalpadélas; chovía tanto, que c'o enxurro que po-l-as congostras corría podían moer os moíños, daba medo a maneira de chover. Moitas veces, cando chove, paresce que botan a agoa por unha peneira, pero esta noite parescía que s-abrira o ceo de par en par, porque caía a agoa como s-a botaran c'un xerro, como saile d'un estanque cando se lle levanta a comporta; o vento d'o sul apouvigaba

tan fortemente, qu'era imposibre andar con paragoas por fora, porque en menos que canta un galo rompía; de tal maneira treboaba qu'á calquera valente se lle poñían os pelos de punta, parescía qu'estaba un n'unha casa y-emborcaban de canta forza n'o fayado cestas de patacas; o trono andaba por preto, n'o Arieiro víanse os lóstregos mesmo n'os pinos d'a lus eléutrica.

Oíans'as badaladas d'a campán de Cordeiro que tocaba âs oito. Atravesaban a Gandra e logo o bosque de Camba dous homes con cada un sua capa de xuncos, con cada un seu par de zocos bos, con cada un seu pau n'a man e c'un farol tamén n'a man o qu'iba diante; iban falando baixiño: «ela quer o quer», decía un, e o outro: «pois si nos arreglamos, veremos si pode ser con despacho.....; mais andemos ben, Xaniño».

N'unha aldea d'a freguesía de Xanza, á

qu'eles camiñaban, había unha moza moi rica, honrada e bonita: era a filla d'a siña Marica. Tiñan as duas, nai e filla, moito medo ôs tronos e tiñan a costume d'acende-l-a vela d'a quinta feira de Pasión, cando treboaba. Esta noite tíñan-a acesa desque tocara âs Avemarías. Á lus d'ela e â beira d'uns tizóns fiaba a siña Marica uns cerros, namentras a filla facía as demais labores.

Chegou â cuciña Carmeliña —ansí lle chamaban á filla— e díxoll'a nai: ¿acomodáche-l-a vaca?

—Non, siñora; veño de face-l-as camas; vou agora alá.

Xa quedan acomodados a vaca, os cochos e ô can xa lle botei tamén uns codeliños, dixo Carmeliña cando volveu.

—¿E cerráche-l-o galiñeiro?

—Cerrei, sí, siñora.

—C'o galiñeiro hai qu'andar con moito

tino, porque, s-o raposo entra n'él, no-nos deixa unha galiña pra un remedeo.

—Non sab'o raposo cantas galiñas dormen fora nin cantos galiñeiros quedan abertos.

—Boeno; deixémonos d'eso, pon a cea ô lume e, mentras se fai, rezamos o rosario.

Ansí o fixo Carmeliña e d'alí á un pouquiño estaban rezando.

Parous'un pouco Carmeliña —era a que rezaba diante— ô comenzar as letanías.

Reza pra diante, díxoll'a nai.

—Paresceume que petaran â porta.

Acabous'o rosario e moi presto oiron petar.

¿Quén está? perguntou a siña Marica.

—Servidor.

¿Quén será? díxoll'a nai â filla.

—Non sei, váyall'abrir á quen sea, pois xente mala n'ha de ser.

Sacou Carmeliña o mandil de lan, que tiña posto, puxo ben o pano d'a cabeza e colleu a roca, namentras a nai iba abri-l-a porta; pois ela ben sabía quén petaba.

¡Ai quen é! ¿qué milagre por aquí?

—Ningún.

Quén é? perguntou Carmeliña con moito disimulo dend'a cuciña.

—Éche Estebo e mais Xan.

Saileu Carmeliña á recibi-l-os e, despois d'o saúdo correspondente, dixo a siña Marica: ¡vaya! pasade pr'â cuciña, que fríos xa habés de vir e mollados quizais tamén.

Foron pr'á cuciña e puxérons'os catro ô redor d'o lume.

Carmeliña fiaba. A nai daba léria ô siñor Estebo e mais trataba de facer algo de cear par'os recén chegados.

Antre falar d'o mal tempo, d'a mala noite,

d'os malos camiños e algo d'a mocedá d' eles, pasou mais d'unha hora.

A mesa estaba posta y-enriba d'ela un bo anaco de pan, unha boa tortilla e un xerro de catro cuartillos de viño.

A cear, dixo a siña Marica.

Ceá, ceá, que nós xa ceamos tamén, contestoull'o siñor Estebo.

—Non, non, hoxe ceamos todos xuntos.

Despois d'un pouco de cumprimento sentárons'os catro â mesa. Acabous'o viño e foi Carmeliña catar outro xerro d'él. Cada ves se poñía mais faladeiro o siñor Estebo.

Inda n-acabaran de comer cando, pôndose o siñor Estebo nos seus trinteseis, díxoll' â siña Marica: vouch'á dicir ô que veño ou ô que vimos.

—Tí dirás.

—Veño á ver s'arreglamo-l-o casamento.

—O teu e meu?

—E si non tivera muller.....

—Sí, cand'a tua muller viude, casámonos os dous.

—Bó; tí chistosa como sempre. Nos no-nos casamos, pero podemos casar ôs fillos.

—¿E á eso ves?

—Sí.

—¿Á casa-l-os?

—Non, casar hayos de casa o Cura, á ver si tí queres.

—O caso é que queiran eles.

—Eles seica queren ¿n'é verdá rapaces?

Eu, po-l-a miña parte, sí, dixo Xan.

E tí, Carmeliña, ¿queres ser miña nora?

Carmeliña, cravando a vista n'o chan, dixo por antr'os dentes: sí, señor.

Pois logo, sigueu o siñor Estebo, vós queredes, eu tamén e Marica tamén... con que... feito ¿n'é certo, Marica?

—Sí, home, sí; soilo que tes que facerll'o

dote ô fillo, porque a miña é soya, pero tí tes mais.

—N'ese caso tamén tí tes que asegurarllo todo â filla, porque ainda pode vir o rapás que tes n'Habana. Anque po-l-o d' hoxe se non sabe d'él, pode vir y-estonces, xa ves, é unha gran pexigueira pr'ô meu fillo, porque a parte d'o pai ninguén lla saca; ansí é que non fas nada demais anque lle deas tod'o teu.

Era a unha e media d'a miñán cando a porta d'a siña Marica s'abría e se despedían d'aquelas boas mulleres o siñor Estebo e mais Xan. O casamento quedaba arreglado.

O domingo siguente lía o siñor Abade unhas monicións n'o Ofretorio d'a Misa e adevertía que era a pirmeira e mais a últema, porque lles dispensara d'as outras duas o siñor Bispo.

A sesta feira ô anoitecer sobían a Tarroeira Xan e Carmeliña; viñan d'o convento d'o

Carme de Padrón de confesarse e prepararse, como Dios manda, pra casarse.

Levou Xan á Carmeliña â casa e foi deseguida â d'o Abade. Antr'outras cousas, trataron de marca-l-a hora en qu'había de ser o casamento. O siñor Abade quería que fose cedo, mais díxolle Xan que antes d'as dez non podía ser, porque a madriña era de fora, viña n'o tren e non podía po-l-o tanto ser hastra media hora despois d'o tren pasar.

Estaba unha miñán tan fría o sábado, xiara tanto de noite, que poucas persoas s'astrevían á sailir fora d'a casa e algunha que saía tiña bo coidado de meter as mans n'o peto pra non perde-l-o tento e tapar ben as orellas c'a bufanda. Saieu o sol, a xiada comenzou á derreterse y-estonce po-l-os camiños, qu'aparecían mollados, andaba xa xente.

Eran as dez e media. Dous bandos de

xente iban po-l-o camiño d'a eigrexa e chegando á ela: un de mulleres, o qu'iba diante, e outro de homes; eran os que s'iban casar, os padriños, amigos e amigas.

N'o adro esperaba o siñor Abade, quen, ô ve-l-os chegar: ¡gracias á Dios! escramou, xa coidei que non viñades.

A eigrexa estaba chea de xente, moita que acompañaba ôs novios e moita qu'iba soilo por ver. Todo-l-os ollos se dirixían â novia, en todo-l-os currunchos se falaba d'os vistidos d'ela. ¡Ai! qué guapa!, da xenio, dicía eiquí unha; ¡Qué ben campa!, dicía alí outra; aquel pano, dicía acolá outra, regalaríallo a madriña?

Tan presto s'acabou a misa, sairon todos pra fora. N'o adro había rapaces e rapazas moitas y-estonces unha d'as que acompañaban â novia comenzou á repartir rebandas de pantrigo á todos.

Marcharon pr'â casa; tod'o camiño foron repartindo rebandas e mais inda lle sobraron algunhas, pois, como a casa d'a novia era preto, logo chegaron á ela. Mandáronlle cada un sua rebanda de pan á todos d'a aldea, homes e mulleres, rapaces e rapazas, ricos e probes, amigos y-enemigos. Houbo aquel día n'a casa d'a siña Marica unha gran festa: n'a vispra mataran un bo becerro e dous carneiros e chegaran de regalo moitos polos e roscas; o día po-l-a miñán seguiron chegando moitísimos polos, mais roscas e tartas; botellas qu'á casa aquela chegaron n'é pra dicir; en fin, todo-l-os convidados percuraron non ir c'as mans libres.

Pouco despois de chegar d'a ilesia comenzou siñor Estebo á dispoñer todo, mandando primeiro sentar á mesa ôs convidados e sinándoll'á cada un o sitio en que debía estar. Ala, cada un ô seu sitio, os cumpri-

mentos, dicíalles siñor Estebo, déixanse tras d'a porta cando se saile d'a casa.

N'o medeo d'a mesa había unha gran tarta c'unha torre tan grande com'a d'o reló d'a catredal de Santiago, si non fora o que lle faltaba. Tod'ô redor d'a tarta botellas e mais botellas.

Ainda non estaban todos sentados e comenzaron xa á levar comida pr'â mesa. ¡Qué fartura n'aquela casa! Os convidados eran moitos, pero pra catro barrigas que tivera cada un chegaba a comida que lles poñían diante.

Acabaron de comer â noitiña e comenzaron á bailar ô compás d'un cordeón e duas pandeiretas.

Xa era outro día cando a festa s-acabou. Comenzaron á sair convidados pra fora pouco e pouco, asegún s-iban despedendo. Estaba unha noite de lua que era un pracer.

Xuntárons-outra ves todos n'a eira e botaron ainda unha ruadiña mais; pero foi pequena, porque era tarde e facía frío, anque poucos o sintían.

D'alí á pouco por todas partes s-oían atruxos: eran os convidados qu'alegres marchaban pr'âs suas casas. E á todo esto, contr'ô nacente vías-unha craridá: era a aurora.

Quedaron pra sempre xuntos Xan e Carmeliña, quenes viviron felices e comían, cando as tiñan, perdices.

AS FIADAS

XIII

De que a colleita se remata y-o millo está gardado n'o hórreo; de que a vendima está feita y-as pipas teñen xa a zapa posta; de que o trigo, centeo y-outras herbas están xa nacendo; de que case n'hai nada que facer, alá po-l-os meses de Navidá, Xaneiro e Febreiro, tod'a xente sente pena, paresce que non s-afai sin traballar; pois nin son lacoeiros nin capaces de folgar os nosos labregos.

Como os días n'este tempo son pequenos, buscan labor que facer e teñen d'abondo

hastr'ó pôr d'o sol; mais as noites son moi grandes e *moi malas de levar,* como eles dín; por eso os mozos, mais rebuldeiros qu' os vellos, buscan onde pasar mitá d'ela. Tamén âs mozas lles pasa outro tanto; mais pra que non digan d'elas que tumba, que dalle, que tal, que sei eu, xúntanse n'unha casa pra fiar.

Non teñen os mozos qu'adiviñar moito pra saber á onde han d'ir pasar o tempo, porque, s-hai fiada, basta xa.

Algún tempo iban as mozas â fiada pra fiar —eso dín os vellos—; mais agora irán pra todo menos pra eso. Ainda n'alcontrei un mozo que me dixese que vira fiar âs mozas n'unha fiada. Levan roca, fuso y-estopa pra fiar, pero, si non-a queiman, volven con ela pr'á casa tal como foi. As nais (bo é qu' haxa algunha siquera) pergúntanll'âs fillas, cando volven, po-l-o que fixeron, pero elas

amóstranlles as mazarócas que levaron xa d'a casa agachadas antr'o pano d'o pescozo.

N'a fiada están de paróla unhas c'as outras y-algunhas c'os mozos, tocan de ves en cando a pandeireta; mais os mozos, como uns días queren bailar e outros non, bailan cando queren, e cando non, están tamén de paróla uns c'os outros urdindo âs veces algunha truanada.

Cando Ramón o Soneira era mozo (ainda hoxe n'é moi vello) urdiron él e outros n'a fiada de Sabanda unha que dou moito que falar.

Era un sábado. O tempo estaba morriñoso, cativo á mais non poder. Tod'a tarde andiveron unhas nubes borrallentas á rentes d'o chan encubrindo os altos picos. Despois qu'anoiteceu nin a lua daba lus, nin craridade as estrelas, pouco mais vían esta noite os homes, que po-l-o día as toupas. Con

todo non deixou a xente moza d'ir â fiada. Había xa un bo fato de mozos dentro, cando chegou un dicíndoll'ôs outros qu'ô día siguente botaba as monicións Pelegrina *a Búcala*. Non quixeron mais saber, alá se foron todos á roubarll'o carro. Leváronse chasco; non-o tiñan xa n'o curral. Véndose ansí bulrados, axexaron por alí s-había algo que roubar y-ô ver unha cabaceira de corres, achegáronse paseniño á xunt'á ela y-o primeiro que fixeron foi cerrarlle ben a portiña e despois colléron-a antre todos ô lombo. Logo qu'empezaron á andar, comenzou á dar berros un home qu'estaba dentro d'ela durmindo, o pai de Pelegrina, y-estonces eles, que iban correndo con ela car'ó río, guindáron-a e ¡pés, pra qué vos quero!

Si nada mais d'as fiadas houbera que dicir, había que berrar c'os que d'elas contan pestes á moreas; pero, como por desgraza

son as mais d'as veces a causa d'as rifas antr'os mozos e outras cousas moito mais malas, â forza hai que darlle a razón e con eles dicir d'as fiadas que non son mais que un pozo de corrución.

NOITE BOA

XIV

Etan xeneral a costume de facer unha pequena festiña a noite de Nadal, que non faltan esta noite castañas e compota en casa algunha por probe qu'o dono sea.

Laudes merece sin dúbida algunha a tal costume.

Farei a descrición d'ela en moi poucas palabras.

Había xa un pouco que tocara âs oito. Quedaba unha noite moi fría, estaba xiando. Con todo por aquí e por alí había xente que iña e viña.

Contempremos o que fan n'a casa d'o siñor Xorxe e pra mellor ser entremos n'a cuciña.

O pirmeiro qu'hachamos é unha gran lareira y-enriba d'ela, sentado n'un tallo, o siñor Xorxe. Abáixase éste de ves en cando pra sopra-l-o lume, porque n'acaban de ferver as tarteiras y-él quer que fervan axiña, e de ves en cando bérralle á dous rapaces e catro rapazas qu'ô pé d'a lareira están limpando castañas.

Xa ferve a cazola, dille o siñor Xorxe ôs seus netos, y-as castañas aind'ansí?

Traballan con mais avidés os rapaces e d'alí á pouco xa sua nai bota n'unha tarteira as castañas e n'outra o badexo.

Petan â porta, vai abrir Bautista y-os hirmáns brincan de contento ô ver quen chega: é o neto d'a siña Felisa, que trai unha empanada. Collea a filla d'o siñor Xorxe

e pon-a ô pé d'o lume pra que non arrofíe e poder come-l-a quentiña cando sea hora de cear.

Están falando o siñor Xorxe, a filla e o xenro e de súpeto levantans'os rapaces e comenzan á berrar e brincar sin parar hastra que seu pai os manda calar. Calan, sí; mais non poden estar quedos, porque lles formigan os pés ô ouir tocar a pandeireta. Veñen por preto os cantadores, quenes siguen camiño adiante e cada ves se van achegando mais â casa d'o siñor Xorxe.

Cando están xa preto d'o portal, os rapaces e rapazas non caben en sí d'alegría, pois o que toca non é soilo a pandeireta, sinón que s-ouien tamén un cordeón, unhas castañetas, unhas cunchas e ferriños; e todo esto forma un conxunto tal, qu'á calquera qu'o ouia fai levantar os pés d'o chan; hastra os que non saben bailar desexan estonces saber.

Entran os cantadores pr'á eira d'o siñor Xorxe e, postos en rolda, cantan todos xuntos estas duas copras:

É descortesía,
é desobedència
â porta d'a casa
cantar sin licència.

—

Se nos da licència,
siñor, cantaremos;
con palabras santas
encomenzaremos.

E logo calan.

Saile o xenro d'o siñor Xorxe e por detrás d'él todo-l-os fillos e, despois de ver quenes son, dalles permiso pra que canten.

Póñens'os cantadores en dous bandos e copra un, copra outro, cantan todos estos versos:

A Virxe María,
San José tamén
sin parar camiñan
indo pr'á Belén.

—

Son amantes firmes
que po-l-o camiño
de cote se falan
con moito cariño.

—

Foron camiñando
en conversación
falando cousiñas
dinas d'atención.

—

Son palabras santas
dinas d'adorar:
din qu'âs doce queren
en Belén estar.

—

Seguiron andando
e logo alcontraron
con un pasaxeiro
á quen perguntaron:

—

S-á Belén había
camiño dereito,
quen lles contestou
con moi pouco xeito.

—

Á donde camiña
quixera saber
un home de noite
con unha muller.

—

—Porqu'é tan bonita
que n'hai outra igual,
qu'a levo roubada
pensades moi mal.

—

Para presentar
testimonio teño.
S-o queredes ver,
logo vo-l-o enseño.

—

Seguiron andando
e logo alcontraron
dous portales vellos
en donde petaron.

—

Fixeron conceuto
d'alí se quedar,
porque non podían
xa mais camiñar.

—

Esposo d'a y-alma
aquí nos quedemos;
amparo d'o ceo
quizais o teremos.

—

Déitate meu home,
qu'has de vir cansado
e de mín non teñas
pena nin coidado.

—

S-a hora me ven,
heite de chamar;
non teñas coidado,
pódeste deitar.

—

N'un presebe vello
naceu un meniño
entre palla e herba:
o Verbo Deviño.

—

Cara mais bonita,
rostro mais frorido
non-o puxo Dios
en home nacido.

—

Qu'é fillo de virxen
nin ten que dicir;
e veu á este mundo
por nos redimir.

Despois cantan estas copras decindo que acabaron e pedindo qu'os despachen:

Con esto acabamos
e damos remate;
para mal disposto
xa lle foi bastante.

—

Sírvanse, siñores,
de nos despachar,
porqu'hastr'ó Orente
lle temos qu'andar.

—

Si non ten pesetas,
déanos doblóns;
bolsillos traguemos
n'os nosos calzóns.

—

Súbase, siñora,
á ese chamiseiro,
bótenos pr'acá
un pernil enteiro.

—

Un pernil enteiro
mais a mitá d'outro;
déanos, siñora,
anque sea pouco.

Mete a man n'o peto o xenro d'o siñor Xorxe, saca unha peseta e dalla ô que recolle os cartos y-os outros, vendo que xa lles dou, cantan:

¡Ai! eiquí nos deron, deron
unha gran recadadiva
un siñor moi cabaleiro
y-unha siñora garrida.

—

Quédense con Dios, siñores,
e nós con Dios nos vayamos,
quédense con Dios, siñores,
Hastr'ó ano que volvamos.

—

E pr'ô ano que viñere
nos dean dous mil ducados;
vustedes que no-l-os dean
e nós que llos recibamos.

Logo comenzan á tocar e bailar e cantar estas copras:

Toca, pandeireta, toca.
sinón heite de crebar,
xa que custáche-l-os cartos
axudamos á pagar.

—

Unha ruada qu'afonde,
Unha ruada qu'afonde
n'esta aldea tan bonita,
n'o portal d'o siñor Xorxe.

Comenza o xenro d'o siñor Xorxe á repartir viño e logo marchan.

Quédans'os rapaces mais fríos qu'a neve por s-acaba-l-a fuliada; mais póñense axiña contentos ô ver que sua nai pon a mesa.

Namentras cean, todos están calados menos José Manoel, que, rebuldeiro coma sempre, fai d'as suas.

Mamai: non ve? berra Isolina ô sintir o pelisco qu'o hirmán lle pega.

—Qué che fai?

—Peliscoume.

Si che vou ahí, meu meniño! dill'a nai á José Manoel.

—Que se non poña xunt'á mín.

E logo onde m'hei de poñer? reprica Isolina.

—Merca unha casa pra tí soila xa que es tan ancha.

—Merc'a tí, si tes cartos.

—Deixa que cando os teña.....

Pero tí, home, tí sempre pensando n'os cartos, dille o siñor Xorxe. Coidas que con ter cartos xa es felís? Ben se ve qu'eres un neno. Non reparaches n'o que dicían os cantadores? Unha noite com'a d'hoxe fría, mais fría ainda, naceu Noso Señor Xesucristo alá en Belén. Veu á este mundo por nos redimir xa pasando traballos. Tan probe naceu, que, non tendo a Virxen Santísima nin siquera uns trapos cativos en qu'o envolver, deitouno enriba d'unhas pallas n'un presebe vello. ¿Qué che parece? Él enséñache á ser probe e tí queres ser rico! Pois mira, meu fillo: dixo Él, que é a mesma Verdá, que mais fácile é qu'un camello entre po-l-a alfiestra d'unha agulla, que qu'un rico entre n'o réno d'os ceos

Vendo José Manoel qu'o abó falaba séreo, non s-astreveu á dar chío siquera, porque

s-espoñía á levar unha d'o rivés que lle deixase a cara torta pra media hora.

O siñor Xorxe comprendeu qu'o rapás se poñía triste e non lle berrou mais, botou un traguiño qu'había ainda n'a escudilla e calou.

O diaño d'o rapás, tan presto veu que pasara a tormenta, púxos'á comer castañas y-estonces sua hirmán, Carme, comenzou á facerll'as beiras por ver si podía rapañarll' algunha; pero ¡vaiche boa! cando Carme iba, xa José Manoel viña de volta, n'había de qué da-l-as. Comprendeu a rapaza qu'as cousas iban de mal en pior e tratou d'ir po-l-a boa dicíndolle: Manoeliño, non me das unha castaña?

—Vouch'a á dar, pero boa.

—Dame unha, esa pequena.

—Non quero.

—Non cha daría eu á tí?

—. . . . . .

—Home, dame unha.

—. . . . . .

—Es ben gorxón. Poida que.....

—. . . . . .

—Non me das unha? Ha-l-as de pagar.

—Non me soes mais ôs ouidos xa.

Puxo tèrmo Rosa á contenda dicindo: á recoller, muchachas.

Namentras Conceución recolle os pratos, levanta Isolina a mesa dicindo «bendito y alabado sea el Santísimo Sacramento del altar» e todos lles responden «Sea por siempre bendito y alabado».

ÍNDICE

	Págs.
Presentación.	V
I—Ani-novo.	1
II—A morte d'o porco.	13
III—O entroido.	27
IV—O pormeiro día d'a coresma.	57
V—A semana maor.	65
VI—O mayo.	87
VII—A noite de San Xoan.	181
VIII—Unha tarde n'o rueiro. . . .	113
IX—A festa.	123
X—A espadela.	143
XI—O día d'os mortos.	153
XII—Un casamento.	161
XIII—As fiadas.	177
XIV—Noite boa.	185

ERRATAS

Pág.	*Linea*	*Dice*	*Debe decir*
2	5	sinon	sinón
8	12	d'agoardiente	d'agoardente
35	7	casique	cásique
36	13	preguntarlles	perguntarlles
39	11	despedin'ôs	despedind'ôs
77	20	unha	un
79	14	d'a	d'o
88	2	espavilados	espabilados
130	20	tanger	tanxer
136	3	figango	figando
138	11-13	nos	nós
148	8	chama	chame
157	15	targer	tanger, que se leerá tanxer, así como tangemento debe leerse tanxemento.

Imp. y Enc. del Seminario C. Central

RE

B

COSTUMES DA TERRIÑA

REAL ACADE
GALEGA
A CORUÑ
256
Biblioteca